ENTRE A CASA E A FESTA

UNHA CONFRONTACIÓN ENTRE NECESIDADE E ESTÉTICA NA CULTURA POPULAR

Alejandro Calviño Pérez

ENTRE A CASA E A FESTA

Unha confrontación entre a necesidade e a estética na cultura popular

---

ENTRE LA CASA Y LA FIESTA

Una confrontación entre la necesidad y la estética en la cultura popular

---

BETWEEN THE HOUSE AND THE PARTY

A confrontation between the need and the appearance in popular culture

Tutor:

Dr. Juan José Creus Andrade
Dr. Arquitecto. Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo
Área de Urbanística e ordenación do territorio

Alumno:

Alejandro Calviño Pérez
DNI: 78804590-N

Curso 2016/2017
Fecha de entrega: 20/02/2017

Agradecementos:

A modo de preámbulo, quero agradecer a tódolos compañeiros, amigos e familiares que me axudaron, a través da fotografía, de escritos, ou mesmo da palabra, a recadar a suficiente información para comezar este traballo.

ÍNDICE

0//	Resumo	7
1//	Introducción	9
2//	A vivenda contemporánea	15
2.1//	Orixe	17
2.2//	Influencia doutras culturas: a nova vivenda	25
2.3//	A construción da vivenda contemporánea	33
3//	O necesario como feo e ordinario	39
4//	A celebración como activador de espazo	51
4.1//	Variacións do espazo na celebración	65
	- Casa de Dorinda e Antonio	66
	- Casa de María Preciosa e Lisardo	70
	- Casa de Caxide da Pedreira	74
5//	Conclusións	79
	Referencia a imaxes	87
	Bibliografía	95

O// RESUMO / RESUMEN / ABSTRACT

1. Arquivo persoal, *O día da festa, I*.

2. Arquivo persoal, *O día da festa, II*

[GL]

No presente traballo búscase afondar no estudio da vivenda contemporánea galega e a súa relación coa festa para comprender e aproximarse á confrontación actual na cultura popular entre a necesidade e a estética. Ver a través do análise como os espazos foron cambiando en función de novos requerimentos dende a época preindustrial ata os nosos días. Cambios como a ocupación da planta terrea para a vivenda en lugar de para os animais, a substitución de elementos como o carro por outros como o automóbil e, quizais o máis importante, as construcións auxiliares próximas á vivenda, tales como pendellos, alpendres ou garaxes. Estes espazos serán os que nos aproximen á celebración colectiva dada a súa capacidade de amplitude, de proximidade á vivenda e de cuberto. Por outra banda, a materialización destas construcións leva implícito o termo, tan mencionando nestes días, de Feísmo. A investigación pretende poñer en valor estas arquitecturas mostrando que xorden ante unha necesidade, que forman parte do proceso de adaptación da vivenda ao medio e ver como en determinadas ocasións o seu aspecto pode mudar para unha celebración.

Palabras clave: VIVENDA / FESTA / FEÍSMO / NECESIDADE / PROCESO

[ES]

En el presente trabajo se busca ahondar en el estudio de la vivienda contemporánea gallega y su relación con la fiesta para comprender y aproxiamarse a la confrontación actual en la cultura popular entre la necesidad y la estética. Ver a través del análisis como los espacios han ido cambiando en función de nuevos requerimientos desde la época preindustrial hasta nuestros días. Cambios como la ocupación de la planta terrena para la vivienda en lugar de para los animales, la substitución de elementos como el carro por otros como el automóvil y, quizás lo más importante, las construcciones auxiliares próximas a la vivienda, tales como pendelles, alprendres o garajes. Estos espacios será los que nos aproximen a la celebración colectiva en la vivienda dada su capacidad de amplitud, de proximidad a la vivienda y de cubierto. Por otra banda, la materialización de estas construcciones lleva implícito el término, tan mencionado en estos días, de Feísmo. La investigación pretende poner en valor estas arquitecturas mostrando que surgen ante una necesidad, que forman parte del proceso de adaptación de la vivienda al medio y ver como en determinadas ocasiones su aspecto puede mudar para una celebración.

Palabras clave: VIVIENDA / FIESTA / FEÍSMO / NECESIDAD / PROCESO

[EN]

This paper seeks to deepen into the study of Galician contemporary housing and its relationship with the party to understand and approach the current confrontation in popular culture between the need and the appearance. See through the analysis how the spaces have changed based on new requirements from pre-industrial times to the present day. Changes such as the occupation of earthly plant for housing instead of using it to accomodate the animals, the substitution of elements as the cart by others such as the automobile and, perhaps most importantly, the auxiliary buildings next to the house, such as pendellos, alprendres or garages. These spaces will be the ones that bring us closer to collective celebration in the house given to its wideness, proximity to house and the possibility to take cover. Furthermore, the materialization of these constructions leads to the term, so mentioned in these days, "Feismo". The research aims to put in value these architectures showing that arise because of a need, that it takes part in the process of adaptation of the housing to the media and see how in certain occasions their appearance can change for a celebration.

Key Words: HOUSING / PARTY / FEÍSMO / NEED / PROCESS

3. Carlos Carril, *Festa de despedida,* 2012, Oar, Frades.

1

INTRODUCIÓN

REAL ACADEMIA ESPAÑOLA

VIVIENDA

Del lat. vulg.*vivenda 'cosas con que o en que se ha de vivir', y este del lat. vivendus 'que ha de vivirse'.
1. f. Lugar cerrado y cubierto construido para ser habitado por personas.
2. f. desus. Género de vida o modo de vivir.

CASA

Del lat. casa 'choza'.
1. f. Edificio para habitar.
2. f. Edificio de una o pocas plantas destinado a vivienda unifamiliar, en oposición a piso.
3. f. piso.
4. f. Edificio, mobiliario, régimen de vida, etc., de alguien.
5. f. familia.
6. f. Descendencia o linaje que tiene un mismo apellido y viene del mismo origen.
7. f. Establecimiento industrial o mercantil.
8. f. Institución de carácter sociocultural y recreativo que agrupa a personas con vínculos geográficos o intereses comunes, y susede.

COBERTIZO

Del ant. cobierto.
1. m. Tejado que sale fuera de la pared y sirve para guarecerse de la lluvia.
2. m. Sitio cubierto ligera o rústicamente para resguardar de la intemperie personas, animales o efectos.

HOGAR

Del b. lat. hisp.focaris, y este der.del lat. focus 'hoguera', 'hogar'.
1. m. Sitio donde se hace la lumbre en las cocinas, chimeneas, hornos de fundición, etc.
2. m. Casa o domicilio.
3. m. Familia, grupo de personas emparentadas que viven juntas.
4. m. asilo.
5. m. Centro de ocio en el que se reúnen personas que tienen en común una actividad, una situación personal o una procedencia.

REAL ACADEMIA GALEGA

PENDELLO

Substantivo masculino
Pequena construción, normalmente pegada á casa labrega, polo xeral só cuberta polo tellado, que serve de almacén para gardar a leña, o carro, as ferramentas de traballo e outros utensilios.

ALPENDRE

Substantivo masculino
Construción rústica con paredes e tellado ou só con tellado, utilizada fundamentalmente para gardar o carro e os apeiros, leña, trastes e calquera tipo de ferramenta.

Dúas plantas, cinco ventás e unha porta.
Cuberta a dúas augas.
Dúas plantas, un balcón e un baixo baleiro.
Cuberta a catro augas.

Esta imaxe é a que se forma na miña cabeza, e penso que na de moitos galegos, cando se fala na actualidade do vivir no rural. Acompañada, sempre, de máis formas e construcións adxacentes. Unha realidade presente no meu lugar de procedencia, Ordes, cuxo contacto directo con ela, foi o que me motivou a realizar esta investigación. Proba disto son as fotografías que figuran nas vindeiras páxinas, pertencentes a gran maioría delas ao ámbito da comarca. Por outra banda, a miña condición de gaiteiro e integrante de un sexteto de música tradicional fixo posible o inicio dun percorrido por varias das aldeas que conforman a comarca, recoñecendo e vivindo de primeira man esta realidade. Polo tanto este traballo conta cunha dobre condición: investigación documental e experimental.

A busca desta serie de definicións ten como fin sacar unhas conclusión que podemos resumir en tres palabras: amplitude, proximidade e cuberto. Amplitude de espazos para a reunión de persoas; proximidade entre construcións para unha conexión fácil con creación de espazos intermedios; e cuberto como sinónimo de seguridade á hora de xerar un espazo, protexendo a quen o ocupe das inclemencias meteorolóxicas.

Heidegger afirmaba que habitar sería en cada caso o fin que preside todo construír. Esta investigación pretende reflexar ese pensamento a través da vivenda contemporánea no rural en Galicia. Unha vivenda que moitas veces tende máis a solucionar problemas funcionais, a resolver unha necesidade, antes que a responder a canons estéticos establecidos por un sector determinado da sociedade.

A vivenda actual en Galicia bebe moito do pasado, da arquitectura vernácula, nun senso de autodesenvolvemento. Falamos dunha vivenda autoxestionada, cuxo proxecto é elaborado polo propio propietario, o cal pode ser tanto un arquitecto, como un construtor, un aparellador, un artesán, un médico, etc., sempre e cando leve a firma dun técnico cualificado, ou sexa, dun arquitecto. A diferencia co pasado é que os avances tecnolóxicos permitiron que o propietario no momento de asentarse no medio non busque a adaptación a el. Xa non é necesaria a proximidade a un río para ter auga, xa non é necesario o asentamento nunha media ladeira para refuxiarse do vento, etc. Loxicamente, moitas destas vivendas cumpren coas pautas antes citadas, pero fano indirectamente pola expansión do núcleo en lugar de ser por aproximación ao lugar.
Pese a isto, a vivenda constrúese de xeito similar á época preindustrial. Un acto colectivo entre propietario, familiares e amigos onde a vivenda nunca está rematada ao cento por cento. Forma parte dun proceso que se dilata no tempo, ao que se lle van engadindo, eliminando, cambiando elementos en función das necesidades. A casa como elemento transxénico.

Transxénico é un concepto introducido polo xeógrafo portugués Álvaro Domíngues cando fala da paisaxe do Noroeste portugués como unha metamorfose do urbano que acompaña a unha metamorfose do rural, onde nos di que:

Asumir a paisaxe como composición transxénica equivale a elaborar unha alternativa acerca da explicación daquilo que as cousas poden ser, desafiando a ética e a estética que, explícita ou implicitamente, viven na representación e no imaxinario da paisaxe con todo o que iso implica en materia de acordo e transgresión, e sobre todo de coñecemento. [1]

Este concepto amosado sobre a paisaxe portuguesa é perfectamente transportable á paisaxe galega, e tamén á propia arquitectura da vivenda, a cal vai mutando en canto a forma e función ao longo da súa existencia.

Unha desas necesidades á que buscar solución nun determinado momento son as celebracións, as festas. A comensalidade ritual como imán de xente baixo un mesmo teito, baixo unha arquitectura.

Onde podo meter a 30 persoas na miña casa?

Está pode ser unha das preguntas máis frecuentadas na mente dun galego á hora de organizar un xantar, a festa do patrón, ou mesmo unha comuñón ou unha voda. Así, búscase poñer en relación a arquitectura coa festa, posto que a arquitectura da casa, como marco principal no que se manifesta a vida familiar, ten un valor engadido cando se celebra. E búscase dende un punto de vista funcional, onde o que prima é a relación entre as persoas, a necesidade dun espazo amplo e cuberto aínda que non siga os carácteres estéticos doutras épocas ou de outros estilos. Espazo que moitas veces se materializa nun garaxe ou nun alpendre, que á vista de moitos non é digno de albergar tales eventos, tan só, polo seu compoñente estético.

4. María del Carmen Pérez, *Xantar en Senra,* 2004, Senra, Oroso.

1 (Domingues, 2013 , p. 33)

5. Arquivo persoal, *Vivenda unifamiliar,* 2017, Oar, Frades.

2

A VIVENDA CONTEMPORÁNEA

6. Gustav Henningsen. *Casa típica de labregos*, 1965-1968, Rodas, Ardemil, Ordes.

2.1

ORIXE

7. *Casa Terrea*

8. *Casa do Pincho*

9. *Casa con Patín*

10. *Casa entre medianeiras*

11. *Casa con soportais*

12. *Casa das agras coruñesas*

13. *Casa con corredor*

14. *Casa das grandes chairas e depresións lucenses*

15. *Casa dos vales e depresións do norte de Ourense*

16. *Casa labrega nas concas do Miño e do Sil*

17. *Arquitectura do colmo*

18. *Arquitectura do xisto*

Fotografías de Pedro de Llano

En primeiro lugar partiremos dun análise da coñecida como vivenda popular ou vernácula que será o punto de partida para o que denominaremos a arquitectura neo-popular: Neo por significar algo novo e recente, e popular por estar relacionado co pobo, coa maioría das persoas dun lugar.

Cando o arquitecto Pedro de LLano estuda a arquitectura popular en Galicia é capaz de mostrarnos catorce tipoloxías de casa vivenda, máis como el ben di "non é doado realizar unha clasificación tipolóxica de calquera arquitectura vernácula, xa que, ademais da elementalidade construtiva imposta por unhas moi reducidas posibilidades tecnolóxicas e materiais, a influencia dunha a outra comarca é tal, que sempre encontraremos mesturados moi distintos modelos edificatorios" (Llano de, 1983, p.13). Poderíamos clasificalas do seguinte xeito:

A casa mariñeira

· A casa terrea (Ons, Corrubedo, Quilmas, Camelle, Sada)
· A casa do pincho (Pontevedra, Porto do Son, Vilagarcía)
· A casa con patín (Cangas, Oia, Vilaxoán)
· A casa entre medianeiras (Foz, Baiona, A Guarda)
· A casa con corredor (San Ciprián, Celeiro, Espasante, Redes, Fontán, Malpica, Fisterra)
· A casa con soportal (Corme, Muros, Combarro)

A casa das agras

· Arquitectura das agras coruñesas (Vacariza, O bao, Casacuberta, Pedre)
· Arquitectura das grandes chairas e depresións lucenses (Guntín, Cavadas, Outeiro)
· Arquitectura dos vales e depresións do norte de Ourense (Gomareite, Tamicelas, Tamagos)

A casa do viño

· Casa labrega nas concas do Miño e do Sil (San Miguel de Outeiro, As Ermitas, Outeiro, Sela)
· Casa labrega nos vales do Ulla e o Umia (Angueira, Albergaria)

A casa das serras

· Arquitectura do colmo (O Cebreiro, Piornedo, Moreira, Xantes, Paradela, Parada Vella, A Fraga, Santa María do Canizo, Dozón, Chaguazoso)
· Arquitectura do xisto (Outariz, Galegos, Ferrería Vella, Casaio, Xares, Dradelo, Cabana, As Pereiras)
· Arquitectura da tella (A Moruxosa, Roade, San Vicente, Suspiazo, Pereira, Piñeiro)

Estes tipos de vivenda pertencen á época preindustrial en Galicia. Unha época onde predominaba a construción sen arquitectos, a construción lóxica ante unha necesidade, cos materiais do lugar, popular. Estas arquitecturas están presentes na memoria da meirande parte dos galegos como edificacións realizadas en pedra e madeira e cubertas con tella ou ben con lousas.

19.



20.



21.



22.



23.



24.



25.



19 / Casa terrea.
20 / Casa con patín.
21 / Casa con soportal.
22 / Casa entre medianeiras.
23 / Casa labrega nos vales do Ulla e o Umia.
24 / Casa con corredor.
25 / Casa do pincho.
26 / Casa labrega nas concas do Miño e do Sil

Planos: Pedro de Llano e Xosé Luis Vázquez

26.





27.



28.



29.



30.



31.



32



27 / Arquitectura dos vales e depresións do norte de Ourense.
28 / Arquitectura das agras coruñesas
29 / Arquitectura das grandes chairas e depresións lucenses.
30 / Arquitectura do colmo.
31 / Arquitectura do xisto.
32 / Arquitectura da tella.

Planos: Pedro de Llano e Xose Luis Vázquez

33. Arquivo persoal. *Casa no Mesón do Vento*, 2016, A Brea, Mesón do Vento, Ordes.

2.2

INFLUENCIA DOUTRAS CULTURAS

A NOVA VIVENDA

34. Manuel Ferrol, *Despedida de emigrantes,* 1957, A Coruña.

35. Asociación PuntoGal, *Centros galegos espallados polo mundo,* 2017.

O ideario da casa vernácula irase desvanecendo do pensamento popular a través do tempo, motivado en gran medida polos actos migratorios derivados da pobreza no mundo rural. Entre os anos 1875 e 1975 Galicia conta con un elevado número de poboación fora das súas fronteiras. As novas oportunidades xurdidas nos países do continente americanos, o desprazamento ás cidades, os movementos estacionarios ou os exilios e expatriacións na época franquista farán que os galegos se nutran de outras culturas, de outras arquitecturas e estilos, e que ao seu regreso ao fogar queiran plasmalo na súa aldea.

A emigración ocasionará o distancamento máis ou menos prolongado do individuo respecto do seu medio, o que desencadeará a rotura dos patróns de conduta individual e producirá desaxustes de todo tipo. [2]

O psicólogo portugués Felix Neto fala de que a aprendizaxe de outros valores ou costumes culturais foráneos non sempre depende do feito de desprazarse ate ese lugar para coñecelos:

No pasado a gran maioría das persoas pasaba toda a vida nun só sistema cultural, non tendo virtualmente contacto con outras culturas. Cos avances da ciencia e da tecnoloxía, o espazo e o tempo reducíronse, pasando a ser máis frecuentes as interaccións con varias culturas. Isto pode ir dende ser un espectador de contacto cultural (lendo, por exemplo, o National Geographic) ... [3]

Así, aparecen en Galicia os sistemas culturais mixtos, un fenómeno sociolóxico que terá claros efectos na vivenda. Patróns moi comúns noutras culturas, de súpeto veranse mesturados con outros propios a través de todo o territorio galego.

...algúns inmigrantes traen consigo a súa arquitectura e insisten no seu uso, aínda que, frecuentemente, non sexa adecuada á nova área en que viven. Sen embargo, o carácter simbólico é moi importante para eles; é un anaco do fogar e é, polo tanto, familiar en termos simbólicos. [4]

Ademais da influencia da emigración haberá outros factores que inflúan na realización da vivenda contemporánea en Galicia. Por unha banda está a memoria fotográfica, a capacidade que ten a persoa de reter na súa mente unha imaxe que lle resultou agradable ou gustosa e que desexaría reproducila no seu proxecto. Isto está directamente relacionado cos sistemas culturais mixtos. Deste xeito podémonos atopar nunha aldea de Ordes cunha vivenda con cuberta cónica como se se tratase dun torreón máis do castelo de Carcasona.

Por outra banda está a interpretación persoal ou o gusto de cada un. Máis adiante explícase o proceso construtivo deste tipo de vivendas, pero a modo de inicio é bo saber que se trata dun proceso colectivo onde familia, amigos e propietario actúan da man. Isto achéganos a que cada un teña as súas opinións acerca do "Aquí quedaría mellor...", "E logo por que non...?", etc. Conversas entre a xente que poden repercutir, ou non, no estado final da vivenda.

2 (Sánchez, 1967, p. 177)
3 (Neto, 1993, p. 52)
4 (Rapoport, 1972, p. 72)

Neste punto compre nomear a aparición dun novo concepto que afectará, tanto como os procesos migratorios, á mutación da vivenda tradicional galega: a desruralización. Como ben describe o xeógrafo Álvaro Domingues falamos dun concepto que se usa nas Ciencias Sociais para denominar o proceso de mutación socioeconómico e territorial resultante da perda da actividade agrícola e das culturas e modos de vida rurais tradicionais das sociedades campesiñas. A inestabilidade da pirámide demográfica, o despoboamento ou o abandono do espazo agrícola son algúns dos factores que Alvaro Domingues aplica no territorio portugués e que, volvo a repetir, non se alongan do panorama galego. Este fenómeno a veces tamén se ve acusado pola perda de antigas tradicións, oficios, costumes e outras manifestacións da cultura inmaterial.
A desaparición ou transformación da agricultura como economía e a transformación da cultura rural como xeito de vida, serán os principais feitos destes fenómenos.

Será a partir dos anos 60 cando eses emigrados comecen a retornar á súa aldea natal, cun poder adquisitivo máis elevado e estable. Algúns volverán a centrar a súa vida na actividade agraria; outros comezarán a desprazarse ás cidades para traballar en torno á industria pero terán a vivenda natal como residencia e a agricultura como método de subsistencia a maiores; e outros usarán a vivenda materna como segunda vivenda para estancias festivas ou de descanso.

36. Restaurante Chaussy II, *Vivenda e restaurante Chaussy II,* 2013, Moscoso de Abaixo, Mesón do Vento, Ordes.

Así, a partir desta data comézanse a construír unha enorme cantidade de vivendas en torno ao rural galego que o arquitecto Plácido Lizancos contabiliza nun total próximo ás 240.000. Esta mesma persoa, no seu estudo sobre a vivenda contemporánea en Galicia fai unha análise tipolóxica da mesma, obtendo como resultado tres liñas diferentes moi encamiñadas co concepto previamente citado de desruralización:

A casa do período arcaico: 1959-1973

Esta tipoloxía está fortemente influída pola vivenda vernácula: volume rotundo e simple, con dúas plantas e aproveitamento do baixocuberta. Os dormitorios destínanse á primeira planta, quedando a planta terrea para o salón e cociña. Estas dependencias vense fortemente vinculadas á vivenda anterior, ata punto de manter os límites físicos en moitas ocasións, debido ao sistema estrutural de muros de carga. O baixocuberta emprégase como "faiado" ou "faio", mantendo a súa condición non vivideira como espazo de almacenaxe de froitas e colleitas. De cara ao exterior preséntasenos cunha pel carente de ornamento.

37. Ana Martínez, *Casa arcaica,* 2017, Pereira, Buscás, Ordes.

A casa do período rupturista: 1973-1985

Esta vivenda atópase nunha época onde existe un afán enorme por desvincularse das construcións vernáculas. Os recursos formais e ornamentais pasan a estar á orde do día nesta tipoloxía. Fronte á estrutura do anterior período marcado pola rixidez do muro de carga atopámonos cunha nova, marcada por unha retícula de pilares de formigón armado situados sobre unha planta de 9x9 metros na maioría dos casos. Sobre este sistema apoiase a planta vivideira da construción, deixando o baixo libre para novos usos. Deste xeito a sociedade rural comeza a desvincularse do mundo agrícola, deixando uns espazos que antes eran de almacenaxe do traballado para un uso industrial ou de establecemento. Dormitorios, cociña, salón, baños e un gran comedor serán os habitáculos que conformen a primeira planta, á cal se accederá dende o exterior ou ben dende o baixo liberado, sempre a través dunha escaleira. Falamos dunha vivenda que pode chegar a acadar certa complexidade, ben sexa polo seus ornamentos ou pola multiplicación de faldróns en cuberta o que fai imposible o uso do espazo baixo ela.

38. Manuel Vázquez, *Casa rupturista,* 2017, A Sobreira, Santa Cruz de Montaos, Ordes.

A casa do período involucionista: 1985-Actualidade

Nestes anos as novas vivendas buscan a volta ao facer vernáculo en canto ao resultado formal da vivenda, véndose isto como un acto de rexeitamento ás arquitecturas resultantes do anterior período. Parte da sociedade atópase nunha aparente situación de comodidade económica facendo que as vivendas aumenten o seu tamaño de xeito considerable con respecto a aquelas que pretendían imitar. Aparecen dúas zonas novas: o soto e o baixocuberta. A distribución interior da vivenda modificase tamén, contando cun maior número de dependencias, especializadas nos diferentes momentos da vida doméstica. A vivenda debe responder tanto ante as actividades diúrnas, como as nocturnas; ante o cotián e ante a festa. A planta primeira resérvase ao espazo de noite (aos dormitorios) e o baixocuberta mantense como lugar de posible segunda residencia, como lugar de almacenaxe ou aproveitado como dormitorio a maiores. O soto nace debido á chegada do coche á vivenda sendo así un espazo amplo e diáfano con capacidade, nalgúns casos, para máis dun vehículo. Este espazo serve ao mesmo tempo como lugar de almacenaxe.

39. Ivan Mirás, *Casa involucionista,* 2017, O Paraíso, Ordes.

Como xa se mencionou os cambios nos modos de vida foron uns dos causantes do abandono ou evolución, depende a vista de quen, da vivenda popular. Nun estudo realizado polo colectivo coruñés **Colectivo 1AUN** propóñense unha serie de arquetipos para abordar as complexas realidades existentes no territorio galego, partindo do modo de vida tradicional, que é aquel no que se unían os tres factores de relación sobre os que formulan o estudo: residir, producir e transformar do territorio.

"Son os modos de habitar a casa os que permiten cualificala de tradicional máis que o seu aspecto ou as súas formas arquitectónicas." [5]

Así, podemos atoparnos cunha nova tipificación, centrada agora nos modos de vida:

- **Fogar de xubilados:** individuos que estiveron fortemente vinculados ao rural, pero que pola súa idade non transforman substancialmente o territorio. Sen embargo, contribúen por inercia a manter o territorio herdado a través da dedicación a tarefas agrícolas de pequena escala.
- **Fogar produtor:** seus membros manteñen o primario como sector de actividade principal. É o fogar en maior relación co modo de vida tradicional, posto que o modelo de subsistencia é o mesmo. Deste xeito a explotación móstrase como unha ampliación e modificación dunha tradicional preexistente a cal crece e se especializa.

5

• **Fogar híbrido:** maten a vinculación ao medio, así como a explotación, sendo esta o motor fundamental de ingresos. Neste caso hai actividades económicas procedentes de algúns dos membros da unidade familiar como apoio económico, que ven se poden desenrolar na propia vivenda ou ben nalgún centro de traballo externo.
• **Fogar non agrario:** aquel que está desvinculado da actividade primaria, anque manteña unha relación produtiva co espazo que habita. Son vivendas que albergan algún tipo de servizo como un pequeno comercio, un local hostaleiro, un taller, etc., co cal aportan un servicio ao entorno xeográfico próximo. Pese a isto poden manter algún tipo de actividade agrícola ou gandeira pero sen que supoña esta unha actividade económica propiamente dita.
• **Fogar suburbano:** é a ruptura total co medio, dende o punto de vista do seu mantemento como dende a súa explotación. Obtén o seu sustento a través de actividades situadas fora da area de influencia do asentamento, obrigando ao usuario a desprazamentos diarios e á necesidade de vehículo privado. Non obstante, pode ser alguén exento á parroquia ou alguén vinculado á vida social da mesma pero que decidiu desligarse da actividade primaria por completo.
• **Fogar de vacacións:** trátase daquel que se ocupa durante períodos concretos do ano, estando baleiro a maior parte do tempo. Non realiza actividade económica nese ámbito e a súa relación co espazo que noutro tempo foi produtivo agora é nulo. Falamos de segundas residencias, vistas en clave turística segundo o asentamento ou como herdanza de xeracións anteriores e cuxo uso se mantén con fin recreativo.
• **Fogar temporal:** igual que no anterior, o usuario non exerce deste como o seu fogar habitual, pero a relación co núcleo e ca area de influencia deste é maior. Neste caso, o usuario desprázase con frecuencia á vivenda, incluíndo entre as súas actividades as de mantemento e explotación recreativa do medio produtivo, constituíndo nalgúns casos un complemento económico á súa actividade principal.



40. Colectivo 1AUN, *Modos de vida,* 2014-2016.

Ambas as dúas tipificacións aquí feitas – tipos de vivenda e modos de vida – gardan un grao de relación entre si. O recoñecido como vivenda arcaica poderiámolo asociar directamente co fogar dos xubilados, co produtor e mesmo co híbrido. A vivenda rupturista cumpre cos estándares expostos no fogar non agrario, aínda que quizais o híbrido tamén tería cabida aquí. E por último, o fogar suburbano, o de vacacións e o temporal entrarían de cheo na descrición da vivenda involucionista.

41. Arquivo persoal. *Casa en construcción*, 2017, O Canedo, Mesón do Vento, Ordes.

2.3

A CONSTRUCIÓN DA VIVENDA CONTEMPORÁNEA

42. José Moreira, *Rematando a casa,* 1910-1950.

Os saberes da construción no mundo agrario tradicional eran feitos que formaban parte da cultura de cada labrego, de xeito que dito coñecemento era transmitido dun veciño a outro así como entre a familia creando deste xeito un forte vínculo, un lazo cultural, que traería consigo un xeito de construír, unhas determinadas técnicas e unhas formas concretas. Dentro da veciñanza existía sempre algunha persoa cunha formación máis ampla que eran os encargados de intervir en pezas de maior valor como as igrexas, os pazos ou as casas grandes.

A profesionalización -que non a sofisticación- da construción era escasa. [6]

A ausencia de profesionais na construción era o máis frecuente no mundo rural, tendo que ser os propios veciños quen se construísen o seu fogar. Polo que, a construción da vivenda podería considerarse unha celebración ou festexo, polo feito de realizarse dun xeito colectivo e colaborativo a través de familiares, amigos e veciños. A colocación do ramo e a comida de recompensa aos traballadores, acción coñecida no tradición galega como *albaroque*, son a guinda ao feito ritual do proceso edificatorio.

Estes coñecementos construtivos dos que estamos a falar encádranse nunha época previa á forte pegada da industria da construción. Dunha época onde o almacenaxe de materiais a modo de provisión era do máis común, pasamos a outra, encadrada no "desarrollismo" franquista, onde os materiais se producirían de xeito industrial. A aparición de este fenómeno no rural levou consigo, en gran medida, o abandono de materiais tradicionais como eran a pedra, a madeira, a cal, a lousa ou a tella, para dar paso ao ladrillo, ao bloque de formigón, á placa de fibrocemento ou ás carpinterías de PVC ou aluminio. Novos materiais que comezaban a mergullarse no mundo rural. En cuestión de poucas décadas a implantación destes no rural pasará a verse con total naturalidade polos habitantes.

...a antiga Dirección Xeral de Belas Artes intentaba obrigar a construír cos medios tradicionais, forrando as fachadas expostas a choivas e ventos con madeira de castaño, solución tradicional pero de costo prohibitivo para os escasos medios dos habitantes da zona, que, usando o sentido común, cubríanas con placas de fibrocemento, traballables, baratas e adquiribles a poucos quilómetros... [7]

Este feito que nos comenta Pulín Moreno sobre a comarca salmantina de La Alberca non está moi lonxe do que nos podemos atopar no territorio galego. Unha píldora de sentido común e lóxica. A resolución dun problema dun xeito práctico. Antigamente usábanse os materiais de produción local. O mesmo ocorre hoxe en día, cambiando o feito construtivo polo feito adquisitivo, é dicir, a compra do material no posto de subministro máis próximo.

"Non se pode empregar o que non está dispoñible." [8]

6 (Lizancos, 2000, p. 34)
7 (Pulín, 1990, p. 614)
8 (Rapoport, 1972, p. 145)

Outro símil co pasado dásenos no aspecto final do material. O criterio popular, nun claro senso de aforre económico, dinos que o material que poida manterse sen revestimento exporase desta maneira ante o medio.

Un palleiro é un hórreo feito con materiais de hoxe, facendo uso racional destes; bloque de cemento e ladrillo con ocos produce unha arquitectura popular nova e actual, propia do lugar -pola humidade, necesita deixar pasar o vento. Función e construción danse a man, un principio fundamenta da arquitectura, e ao cal hoxe poderíamos chamar arquitectura popular moderna, ou tradición propia do futuro. [9]

Como xa foi comentado arriba, a autoconstrución é un feito común e cultural da Galicia rural que persiste na actualidade. Un feito que permite que pensemos na vivenda como un proceso. A vivenda cambiante que se vai adaptando ás necesidades que o momento require.

Construcións que son propias, producidas polos seus usuarios cos materias de hoxe. É unha tradición viva pero ignorado pola maioría dos profesionais. [10]

Plácido Lizancos realiza nunha parte da súa tese unha análise a través de sesenta e nove vivendas espalladas polo territorio sobre quen é o proxectista de cada unha delas. O resultado é o seguinte:

Arquitecto	*18*
Arquitecto técnico	*17*
Constructor	*14*
Deliñeante	*5*
Funcionario	*3*
Propietario	*12*

Desta táboa podemos obter unha serie de conclusións. Primeiro que toda a formación que recibimos durante os anos de carreira para a realización dunha arquitectura cunha linguaxe contemporánea desaparece nas 18 vivendas realizadas polos compañeiros de profesión. Digo nesas 18 en concreto, porque, en teoría, somos os que estamos formados e temos competencias para desenrolar o arte de proxectar. Segundo, podemos observar como a figura do propietario se aproxima á do construtor e mesmo á do arquitecto e arquitecto técnico. Isto quere dicir que no rural aínda existe unha forte presencia no pensamento da construción propia da vivenda sen que ninguén veña a dicirlle como debería ser a súa vivenda. E por último, cando só un 26% desas 69 vivendas -que son as vivendas da maioría de Galicia- están proxectadas por arquitectos podemos comezar a reflexionar sobre que algo se está facendo mal. Existe quizais pouca difusión da arquitectura contemporánea no eido rural? Ou quizais non se están comprendendo os modos de vida da xente do rural e as súas necesidades reais?

9 (Gallego, 2006, p. 144)
10 (Creus e Gallego, 1998, p. 4)

43. Pedro de Llano, *Palleiro na comarca do Xallas.*

44. Arquivo persoal, *Palleiro contemporáneo,* 2017, Merelle, Ordes.

45. Arquivo persoal. *Arrimo*, 2016, Senra, Poulo, Ordes.

3

O NECESARIO COMO FEO E ORDINARIO

– Eis gaiteiro a Aldea Terremota. Aldea Terremota no futuro escuro. Sobreviven nun chan que acanea. Casas tristes de cemento sen recebo. Erguímolas con traballo, xenreira e orgullo. Marchamos de cativos ao lonxe. E ao voltarnos fixemos casas novas coma quen chanta un espeto, como quen ergue un galpón nun continente descoñecido. Esquecemos a pedra, as cousas de antes, e no presente non hai pouco sitio para nos. [11]

11 (Gallego, 1998, p. 18)

Todo o fenómeno da autoconstrución a través dos materiais industrializados deu lugar a que moitas das persoas pertencentes á cidade e cun grao de formación superior á xente do rural opinase de feito despectivo sobre este tipo de arquitecturas. Unha opinión sen base, tan só fixándose no seu compoñente estético, e que algúns medios de comunicación se encargaron de darlle difusión ademais dun nome, un neoloxismo que se espallou polo mundo adiante aparecendo en portais web tan coñecidos como Wikipedia ou que figura nas páxinas do dicionario da Real Academia Española. Falamos do **Feísmo**:

1. m. Tendencia artística o literaria que concede valor estético a lo feo.

Aínda que con este escrito se pretende dar outro valor á palabra feísmo, comezando por non aceptar de boa gana o termo, hai que encadrar a escala na que nos estamos a mover. Falamos de feísmo a escala de parcela, non mesturalo con outros problemas do termo como son a construción de condominios de vivenda nas periferias de cidades e vilas sen ningún tipo de respecto polo entorno; ou a creación de vivenda nova ou equipamentos en espazos onde se sabe de antemán que non existe tal necesidade, traendo en consecuencia o espallamento de esqueletos de formigón repartidos polo territorio. Feitos onde o principal interese é o económico e non o de cubrir necesidades da poboación.

Polo tanto, ao que nos referimos é a toda a variedade tipolóxica e construtiva que hai na escala do próximo, na escala doméstica do territorio galego e que tende a chamar a atención de moitos. Diferentes alturas, mestura de materiais, ornamentación clásica en segundo que elementos da vivenda, construcións adxectivas en aparente discordancia coa edificación orixinal, etc. Referímonos á casa como ámbito de traballo, dentro do contexto popular.
O aparellador Manuel Caamaño Suárez, define deste xeito a casa popular:

A casa enténdese como o conxunto formado polas diversas construcións, as terras, a facenda e os membros da unidade familiar que viven e traballan baixo o teito do seu edificio nuclear. [12]

Nela faise mención de que a casa non a forma unha soa construción senón varias. Falamos de vivenda e de construcións adxectivas. Estas últimas son unhas das máis criticadas polo uso de materiais que, a vista de algúns, non combinan ben con outros de talla vernácula rematando por levar o cualificativo de feo.

Definir a arquitectura xeneralizada como fea ou bonita non ten sentido. Se o aplicamos para definir as construcións do medio rural galego, o estraño termo feísmo é totalmente equívoco. [...] Xulgar como feo supón facer referencia a un modelo prefixado de como debe ser unha arquitectura, o que leva dentro un academicismo que descoñece a variedade e a riqueza da arquitectura como expresión do home. [13]

12 (Caamaño, 1999, p. 9)
13 (Gallego, 2006, p. 107)

Esta cita de Manuel Gallego lembra, na súa labor docente, ás referencias que facía ao fenómeno de adaptación, promovido por Amos Hawley no libro Ecoloxía Humana, entendiamos isto como un equilibrio entre organismo e medio, decatabámonos ademais, de que era un proceso constante e continuo a través do tempo; ou sexa, que aínda que o medio permanecera resistente o home sería o elemento flexible e variable que o iría cambiando.
A este proceso pertence toda a manipulación do territorio, dende a agricultura -como primeira arquitectura- ata o que será o último chanzo do home no proceso adaptativo: a vivenda no rural.

Como xa explicamos con anterioridade a vivenda vai cambiando, vai mutando, ás veces en forma e outras en contido estético. Isto reflexa o proceso de adaptación do home ao territorio. Cabe salientar que moitas das vivendas atopadas polo rural de hoxe en día non responden ao mesmo proceso de adaptación que as de tempos pasados. Actualmente non se busca unha protección directa a través do medio, ou non existe un asentamento do individuo en torno a un espazo produtivo xerando comunidade, non se pensa na orientación da vivenda para un maior aproveitamento das condicións meteorolóxicas, etc. Feitos que antigamente si que eran primordiais á hora de construír unha casa, de xerar comunidade, de crear parroquia, e que hoxe en día apenas se afonda neles pola cantidade de tecnoloxías que poden suplantar ao medio (instalación de caldeiras, invernadoiros, rede de auga, rede eléctrica, etc.). Hoxe en día a vivenda tende a adaptarse ao medio en canto a accesibilidade, buscando estar vinculada sempre ao viario, o que en certa medida levou a unha individualización dentro da parroquia.
Pese a isto, co paso do tempo o home segue a ter necesidades, e como xa explicamos, moitos modos de vida no rural teñen vinculado a manipulación do medio aínda que sexa a pequena escala, o que leva consigo a aparición de certas construcións que lle

46. Arquivo persoal, *Pendello,* 2016, A Pedreira, Leira, Ordes.

47. Arquivo persoal, *Arrimo II,* 2017, Oar, Frades.

permitan almacenar os útiles para estes procesos así como as colleitas.

A renovación directa prodúcese dende o máis fondo da tradición sen caer no folclorismo [14]

Esta afirmación feita no seu momento por Juan Creus e Pablo Gallego resume perfectamente do que estamos a falar. Como xa se comentou anteriormente, na época preindustrial o común era adquirir a materia prima para construír zonas próximas ao hábitat de cada quen. Co avance da tecnoloxía estes pasaron a adquirirse tamén no propio hábitat pero xa non de el, senón dos centros de subministro existentes en cada aldea, parroquia ou concello. E igual que antigamente se erguía un palleiro para gardala colleita con pedra e con madeira, hoxe pódese facer con ladrillo ou con bloque de formigón seguindo as mesmas lóxicas que require un espazo amplo que permita a ventilación continua; e como tamén é lóxico, a maioría da xente tende á unha opción económica. Entender a casa como unha necesidade de abrigo, pero adaptándonos aos tempos que se viven e confiando nos avances da tecnoloxía, sempre baixo un grao de sensatez. Un razoamento que xa facía o arquitecto Charles Eames no ano 1944.

14 (Creus e Gallego, 1998, p. 16)

48. Arquivo persoal, *Arrimo III,* 2016, Cestaños, Parada, Ordes.

Non obstante, esta sensatez para moitos non concibe a utilización de materiais industrializados como ben nos reflicten algúns dos parágrafos da *Guía de boas prácticas para actuacións no Camiño de Santiago*, onde o que se busca e manter a identidade dun tempo pasado, en lugares onde, hoxe en día, os modos de vida poidan ser os mesmos, pero necesiten outro tipo de construcións ou outras dimensións para manter as producións que lle dan de comer.

O certo é que se trata de una construción conceptual da cultura cultivada ou erudita, que distingue o vernacular por un certo distanciamento, ao que pertence a alta cultura das escolas, das academias, dos círculos notables e , por regra xeral, dos saberes con aspiracións universais. [15]

…unha delas é que hai un canon de gusto dominante e correcto na nosa cultura, e que calquera arte que non siga este canon é aberrante e inferior. [16]

Xa dicía Lewis Mumford no ano 1941 que as formas rexionais son aquelas que mellor se axustan ás condicións reais da vida e que fan que o usuario se sinta en casa e no seu ambiente, sen limitarse só ao uso de recurso do solo. Afectan sobre todo as condicións culturais da rexión.

En xeral, nas rehabilitacións ou ampliacións de vivendas e outras construcións tradicionais nas que se precise actuar sobre os muros utilizaranse tipos de pedra e aparellos similares aos utilizados tradicionalmente na zona na que se atopa a edificación. [17]

Este criterio a seguir que nos marca a guía avoga por un uso dos materias tradicionais. Isto lévame a pensar que ademais da busca de protexer o patrimonio hai un afán por conseguir a imaxe que non desentone, a postal, o mimetismo íntegro, a representación de outra época, que se consegue en zonas como os cascos históricos, porque como todos ben sabemos a afluencia de xente ao camiño de Santiago como destino turístico, máis que relixioso, é inmensa. A problemática que atopo é que moitas veces, cando se ditan este tipo de recomendacións, téndese a esquecer o nivel económico e o modo de vida das xentes vinculadas a el, sendo en moitos casos imposible permitirse a construción dun pendello con pedra da zona; ademais de afectar directamente ao mundo da arquitectura en canto á evolución da mesma.

...na Galiza acentúanse máis as construcións dunha autenticidade enraizada no pasado, na terra, como forma de distanciamento do Estado Castellano e como reacción a unha certa periferización da rexión. [18]

Deste xeito, na miña opinión, antes de elaborar unha guía de boas costumes de construción con materias tradicionais poderíase estudiar a forma de realizar unha guía de bo uso dos materias industrializados, posto que moitas veces o que o feísmo crítica non é máis que unha man de obra pobre.

15 (Domíngues, 2011, p. 200)
16 (Venturi, 1978, p. 79)
17 (Redondo, Rodríguez e Valladares, 2016, p. 21)
18 (Domíngues, 2006, p. 88)

49. Arquivo persoal, *Camiño de Santiago I,* 2017, Senra, Poulo, Ordes.

A arquitectura é un refuxio con símbolos superpostos; ou tamén: a arquitectura é un refuxio con decoración superposta. [19]

Como xa comentou algún artigo da web Arquitectura de Galicia, existe unha tendencia á crítica desta man de obra pobre e con poucos coñecementos técnicos, difundida en gran medida polo periódico La Voz de Galicia e o seu albume Chapuzas Gallegas; e pola páxina de Facebook Canibalismo Urbanístico. Maltrato á paisaxe, aínda que esta abrangue un pouco máis o abano e tamén mostra o seu descontento cos mal faceres de políticas da burbulla.

Non obstante, a meirande parte das fotografías que publican mostran feitos ocorridos en vivendas unifamiliares. Vivendas con necesidades de medrar, de expandirse, ben sexa en altura ou a través de construcións adxacentes pero cuxas accións responden a un porqué, a unha necesidade. Vivendas que empregan solucións a ventás, portas, caleiros, etc., correctas pero que non teñen cabida dentro dos canons de beleza. Un amplo conxunto de realidades que este traballo busca poñer en valor. Pois se só se observa o resultado sen indagar no proceso, feito que é o principal problema das dúas canles anteriormente citadas, pódese correr o risco de un mal entendemento da mensaxe, chegando a dar a sensación de menosprezo cara a xente do rural. Unhas publicacións periódicas a través da rede, en carácter de mofa, que non aportan ningunha solución.

19 (Venturi, 1978, p. 67)

50. Arquivo persoal, *Camiño de Santiago II,* 2017, Poulo, Ordes.

Neste contexto podemos situar a aparición de dous fenómenos que se fixeron virais en Galicia a través das redes sociais. Falamos do ilustrador Luís Davila "O Bichero" e da canle youtubeira Páramo Pictures.

O primeiro acadou gran fama no panorama galego pola súa retranca e polo bo coñecemento do mundo rural actual, dos costumes da xente e mostrando con total naturalidade e, baixo o meu punto de vista, con admiración as solucións construtivas que os galegos damos a algunhas partes da vivenda. Nestas ilustracións podemos atopar un galpón ou un hórreo de ladrillo de fondo dunha conversación entre dous patróns sempre baixo o respecto e a comprensión do rural.

O segundo caso é o da produtora Páramo Pictures, formada por Daniel Moreiras, Iván Campo e María Portero. Este trío dedícanse a adaptar temas musicais de actualidade á feitos cotiáns que suceden no rural e usan como escenario este medio. Así en vídeos como O Ferti mon -unha versión do célebre tema "Wrecking Ball" de Miley Cyrus- a escenografía repártese entre galpóns onde almacenar o millo e gardalo vehículo, a vivenda e mesmo unhas cuadras. A Bertolina é o vídeo, a día de hoxe, que conta con máis visitas na súa canle de Youtube. Nel parodian o tema "Adrenalina" de Ricky Martin, Wisin e Jennifer López. De novo volvemos a atoparnos con escenarios que entran dentro das definicións do Feísmo. Aparecen planos onde se ven peches metálicos, ampliacións de bloque, grandes silos, etc.
Quizais moitos poidan ver isto como un feito illado que tan só o ven catro amigos, pero a realidade é que contan con 26.807 subscritores na súa canle de Youtube, con vídeos que chegan a acadar os dous millóns de visitas. Na miña opinión isto reflexa que son quen de chegar á xente a través de estes elementos -ademais da temática cotiá das súas parodias- e facer que estas arquitecturas, estas formas, estes materiais, se identifiquen con cada unha das persoas que o ve. De novo volve a aparecer o modo de vida como xustificante da arquitectura realizada.

51. Luis Davila, 2014.

52. Luis Davila, 2017.

53. Páramo Pictures, *Vente empacar,* 2016.

54. Páramo Pictures, *Fertimon,* 2013.

55. Páramo Pictures, *A Bertolina,* 2014.

Enlazando co concepto de beleza e co das boas prácticas, dende o ano 2004 a Fundación Juana de Vega celebra un concurso entre as propostas de vivenda máis destacables realizadas polos arquitectos na paisaxe galega, valorando a súa integración nela, así como a calidade do proxecto. É de destacar como nas seguintes valoracións do xurado se teñen en conta a utilización de materiais de baixo custo:

"Vivenda unifamiliar en Padriñan, (Sanxenxo), dos arquitectos Jesús Irisarri Castro e Guadalupe Piñeira Manso, polo esforzo innovador no emprego de materiais, a sinxeleza espacial e do programa así como a adecuada posición sobre o terreo e a superación das limitacións de presuposto reducido."[20]

"Casa en Tebra (Tomiño) dos arquitectos Guadalupe Piñera e Jesús Irisarri. Edificio singular polo elegante diseño de planta baixa e integración dos muros de pedra dunha casa preexistente, que complican algo a resolución dos espazos interiores. Resulta destacable o emprego de diversas capas de materiais que envolven a casa, e dan pe a xogos de luces e temperatura que se adaptan ao clima. Destaca unha cortina envolvente exterior, unha faldra que se axita co vento, feita de aluminio, que se asemella ás que usan os invernadoiros da zona."[21]

"Conceder o Premio Juana de Vega de Arquitectura na presente convocatoria, á casa situada en Arderís, Oroso (A Coruña), do arquitecto Emilio Rodríguez Blanco. O xurado valora especialmente a calidade lograda nos espazos interiores pola entrada de luz a toda a zona común e a os dormitorios, que resultan moi adecuados para a vida dos seus ocupantes. Tamén quere destacar a boa conxunción entre esta calidade ambiental e o emprego de materiais de baixo coste, con unha certa influencia do movemento brutalista, que produciría resultados algo duros de non ser polo bo deseño arquitectónico do conxunto." [22]

Traio aqui esta selección, non pola súa calidade de proxecto, senón polo bo emprego de materiais que, tal como comentamos, veñen vinculándose ao Feísmo. E dáse a casualidade que como as obras están realizadas por arquitectos que, ademais da busca da funcionalidade da vivenda, buscan unha liña de deseño, as palabras cara eles tornan en boas, en loanzas cara a súa a obra, en premios. Con isto quero advertir dunha toma de conciencia necesaria para que, á hora de crear opinión sobre estas arquitecturas, recoñecidas como cultas, non se peque logo de hipocrisía á hora de observar un pendello, un baixo baleiro ou un galpón, tachando de feo ou ordinario polo seu aspecto cando, en realidade, moitas delas son arquitecturas celebradas con entusiasmo, algo difícil de apreciar nas imaxes das outras casas, coas que a fotografía de arquitectura deixa fóra a persoas e obxectos cotiáns máis alá que os que dan escala e composición correcta á instantánea.

20 (Premio Juana de Vega de Intervenciones en el Paisaje 2004. Fallo del jurado: Viviendas unifamiliares. [online] Recuperado de: http://juanadevega.org/es/lineas/escuela/premios-paisaje/2004/accesits3/ [acceso 5 Xan. 2017])

21 (Premio Juana de Vega de Intervenciones en el Paisaje 2013. Fallo del jurado: Viviendas unifamiliares. [online] Recuperado de: http://juanadevega.org/es/lineas/escuela/premios-paisaje/2013/finalista2/ [acceso 5 Xan. 2017])

22 (Premio Juana de Vega de Intervenciones en el Paisaje 2014. Fallo del jurado: Viviendas unifamiliares. [online] Recuperado de: http://juanadevega.org/es/lineas/escuela/premios-paisaje/2014/premio/ [acceso 5 Xan. 2017])

56. Xurxo Lobato, *Vivenda en Padriñan,* 2004, Padriñan, Sanxenxo.

57. Xurxo Lobato, *Vivenda en Padriñan,* 2004, Padriñan, Sanxenxo.

58. Héctor Santos Díez, *Casa Escribenta,* 2014, Arderís, Oroso.

59. Héctor Santos Díez, *Casa Escribenta,* 2014, Arderís, Oroso.

60. Héctor Santos Díez, *Casa en Tebra,* 2013, Tebra, Tomiño.

61. Héctor Santos Díez, *Casa en Tebra,* 2013, Tebra, Tomiño.

62. Xosé Antón Bocixa. *Entroido choqueiro*, 2015, Cerceda.

4

A CELEBRACIÓN COMO ACTIVADOR DE ESPAZOS

A SIÑORA AMA: Vaia, vaia, rematáchedes ou non?
MOZO 1º: Nós, xa temos rematado.
MOZA 3º: Nosoutras, tamén.
A SIÑORA AMA: Pois axudaime algunhas a arranxar pratos e demais. Os galos están que mesmo piden coméremense. Ide outros ó rego a pilláredes as botas.
A FILLA DA SIÑORA AMA: E o gueiteiro que propare a gaita.
O GUEITEIRO: Sempre cha teño preparada, nena.
A FILLA: ¡Pois veña gaita, veña bombo e a celebrarmos a boa anada, e que nunca mais que hoxe o panciño nos falte! [23]

23 (Villar, 1997, p.42)

Este fragmento da obra teatral A festa da malla , de Antón Villar Ponte móstranos unha realidade característica da época preindustrial en Galicia. Realidade que se baseaba na xuntanza veciñal co fin de realizar algunha tarefa relacionada co agro e cuxo final remataba a maioría das veces por ser o mesmo: unha festa.
Segundo a Real Academia Galega entendemos por festa o conxunto de actos de carácter alegre organizados co fin de celebrar ou conmemorar un feito ou de lembrar a un personaxe, sexan estes civís ou relixiosos. A festa que aquí se quere mostrar vai enlazada á de celebrar ou conmemorar un feito. E isto leva sucedendo en Galicia dende hai moitos anos ata pasar a enraizarse na cultura popular.

"O concepto de Festa Popular, indica unha diversión feita entre mozos e mozas reunidos nun determinado lugar: cruce de camiños, curral aberto, campo cerca dunha fonte, cociña ou salón dunha casa" [24]

Desta afirmación do escritor Antonio Fraguas cabe destacar a mención de curral aberto como espazo para a celebración dunha festa. Uns espazos con moito valor que hoxe en día son menosprezados por certos sectores da sociedade, malia que contan con gran vitalidade ao longo do ano a través do traballo das terras e con moita máis o día da festa.

A sega da herba era unha destas celebracións ocorridas despois do traballo nun espazo amplo. Os veciños reuníanse ese día co fin de segar e estender a herba para secar. Tras este proceso xuntábase e comezábase a realizar o palleiro. O volume do mesmo dependía da riqueza do propietario, e polo xeral os máis grandes acostumaban a ser o do médico, o cura e o mestre da aldea, que eran os persoeiros con maior nivel adquisitivo no momento. Podemos afirmar que esta competencia pola grandeza da colleita se ve trasladada á vivenda rural actual a través das persoas que volveron a Galicia tras pasar por un proceso migratorio e aumentar os seus fondos económicos, co que podían permitirse realizar unha vivenda de maior tamaño que as existentes no seu lugar de orixe, como símbolo de riqueza.

63. Manuel Colmeira, *A sega da herba,* 1975

Volvendo ao desenrolo da actividade da sega, unha vez rematada a tarefa, os veciños ceaban no palleiro traendo como consecuencia cantos e bailes co fin de festexala tarefa.
Algo similar ocorría na esfolla, un traballo que consiste en sacalas espigas do millo. Este traballo realizábase nun espazo cuberto á luz dun carburo. Un traballo que daba lugar á festa, á xuntanza, posto que tras rematala tarefa ceábase, tocábase e cantábase.

64. Manuel Colmeira, *A sega,* 1930.

Un candil dipindurado
D'unha trave forte e longa
Con dous mecheros alcesos
Alumaba a sala toda. [25]

24 (Fraguas, 1996, p. 5)
25 (Fraguas, 1996, p. 50)

Hoxe en día esta tarefa séguese a realizar na meirande parte dos fogares das aldeas de Galicia, e aínda que xa non conta cun final de festexo musical, si que mantén o espírito da xuntanza entre algúns veciños baixo un cuberto, aínda que a luz xa non proveña dun carburo.

Sen dúbida, o espazo con maior poder para a xuntanza familiar era a cociña. Nela era onde se realizaban as comidas, onde se falaba, onde se cantaba e mesmo onde se bailaba. Tarefas como o fiar ou eventos como o magosto eran realizados neste espazo. Un lugar amplo e cuberto cunha mesa grande onde reunían os veciños. Certo é que cando se requiría unha superficie maior, para celebrar festas como as Ruadas, alugábase un cuberto maior a escote entre os veciños. Este so tiña unha finalidade festiva.
Hoxe en día, o concepto de cociña no rural segue a ser o de espazo central da vida, aínda que a entrada dos electrodomésticos no fogar cambiasen totalmente o seu interior. Non obstante, o concepto de cociña como espazo de reunión segue a se manter, aínda que moitas veces se tenda a unha duplicidade da mesma. Isto quere dicir que en moitos fogares do rural nos podemos atopar cunha cociña na planta superior en relación co resto de dependencias da vivenda – comedor, salón, aseos, dormitorios, etc. – e outra na planta baixa, ou nunha construción adxectiva, a modo de estancia de reunión ou próxima á mesma.

Feitos de duplicidade como estes teñen que ver, quizais, cunha serie de eventos festivos que se repiten ao longo do ano nas casas do rural galego e que axudan no carácter funcional do mesmo. Isto son as comensalidades rituais.
Trátase dun asunto característico na vida social en Galicia, realizado principalmente no mundo rural. Isto procede dunha lei decretada polos Reis Católicos ao Reino de Galicia que recolle Castelao no libro Sempre en Galiza.

"...sepades que Nos somos informados que en ese dicho Reino los caballeros, escuderos e hidalgos e labradores e otras personas cuando habedes de casar vuestros hijos e hijas, hermanos e hermanas, criados e criadas, o cuando han de recibir bautismo vuestros hijos o cuando algún clérigo quiere cantar misa nueva o cuando hacéis alguna cosa nueva, convidáis para los tales autos e fiestas a muchos hombres e mujeres... en los cuales autos e fiestas diz que se hacen en esto mayores gastos de lo que buenamente pueden sufrir e se hacen pobres o menesterosos... e porque todo esto redunda en deservizo de Dios e Nuestro e daño de los pueblos e de la república de ese dicho nuestro Reino... mandamos… que no sean osados de llamar ni convidar para los tales autos e fiestas salvo los parientes e parientas e afines dentro del tercer grado."[26]

Así, vemos que a comensalide ritual é algo presente na cultura dos galegos, independentemente de que a procedencia sexa rural ou urbana, dende algúns séculos atrás e que co paso dos anos foi abarcando cada vez máis festexos que os expostos polos Reis Católicos no seu momento.

26 (Castelao, 1944, p. 185)



O diagrama aquí exposto, extraído do libro *Antropología cultural de Galicia*, do filósofo e antropólogo Carmelo Lisón Tolosana móstranos como a comensalidade é algo importante dentro da cultura galega. Algo que se repite constantemente ao longo do ano. Certo é que o libro foi publicado no ano 1971 e dende aquela os modos de vida foron mudando. Por exemplo, moitas das tarefas agrícolas que se recollen no diagrama e que teñen como fin a comida veciñal ca súa posterior festa xa non existen, ou ben foron transformadas en festas laicas e de interese turístico e gastronómico. Falamos das mallas, das fías, das segadas de herba, etc. Sen embargo, outras si que seguen mantendo esa unidade familiar que se culmina cun banquete. Neste grupo entraría a matanza do porco ou as faenas do viño.

Referencias fotográficas históricas de eventos festivos.

70. Gustav Hennigsen, *Baile da mocidade nunha casa,* 1965, Poulo, Ordes.

69. Gustav Hennigsen, *Regueifa,* 1965, Poulo, Ordes.

71. R. M. Anderson, *Bailando a muiñeira,* Dec. 1924- Xan. 1925, A Rúa, Ourense.

72. José Moreira, *Banquete de voda,* 1910-1950.



65. Gustav Hennigsen, *A matanza I,* 1965, Ordes.

66. Gustav Hennigsen, *A matanza II,* 1965, Ordes.

68. José Moreira, *Celebración familiar,* 1910-1950.

67. Gustav Hennigsen, *A matanza III, cómense os roxóns,* 1965, Ordes.

73. José Moreira, *Celebración da primeira comuñón,* 1910-1950.

Referencias fotográficas actuais de eventos festivos

75. Arquivo persoal, *24 de Poulo,* 2016, Senra, Poulo, Ordes.

74. Ricardo Vieites, *Comuñón,* 1987, A Pedreira, Leira, Ordes.

78 Arquivo persoal, *Voda nun invernadoiro,* 2016, A Lousa, As F

81. Arquivo persoal, *Aniversario na maquía,* 2003, Santa Cruz de Montaos, Ordes.

82. Ana Figueira, *Festa familiar,* 2014,

84. Jessica Uzal, *Fin de ano,* 2014, A Cruz, Ardemil, Ordes.

85. Arquivo persoal, *Fin de*

. A.C. Brisas do Quenllo, *Romaría da Pontragha,* 2012, Numide, ordoia.

77. Arquivo persoal, *Aniversario,* 1996, Ordes.

Encrobas, Cerceda.

79. Arquivo persoal, *Ramo en Leira,* 2016, A Beilía, Leira, Ordes.

80. A.C. Brisas do Quenllo, *Maghosto,* 2014, Numide, Tordoia.

, Cercedo, Pereira, Ordes.

83. A.C. Brisas do Quenllo, *Ruada de Cabaleiros,* 2015, Cabaleiros, Tordoia.

86. Arquivo persoal, *Xantar anual,* 2016, Pereira, Buscás, Ordes.

ano, 2016, Ordes.

Pero quizais onde máis se manteña está tradición hoxe en día sexa nas festas locais patronais ou nos ramos, pasando polos bautizos, comuñóns e vodas. Outras intentan resistir ao paso dos anos, como son os Cantos de Reis, cada vez con menos adeptos, pero co mesmo fin de xuntanza; e outras que xa desapareceron, como As Convidadas, un xeito de dala benvida á festa da parroquia a través de música, viño e roscas.
Todas estas festas tiñan cabida no verán. Antigamente era por mor do bo tempo e por ser tamén a época de maior traballo, o que implicaba un consumo de calorías máis alto para aguantar as xornadas. Non obstante, tamén existía unha clara busca de ocio. Hoxe en día o tempo de celebración é o mesmo, tamén polo bo tempo, pero sobre todo por se tratar da época do ano onde a maioría dos asalariados contan con vacacións.

"Partimos da evidencia de que en todas as festas, tanto as relixiosas patronais como nestas laicas imponse a afirmación da colectividade. Afírmase a colectividade como un todo sólido e potente. [...] Sabemos que a festa é unha necesidade compulsiva para tapar o medo que producen os cambios e as debilidades e as contradicións da propia comunidade na que se vive. Trátase dun medo ao perigo da propia disolución do grupo humano e a súa cultura.
Por unha banda a festa é unha ritualización (escenificación) da comunidade fronte aos outros (parroquia veciñas, estranxeiros ,inmigrantes, de aí a utilización do ruído (foguetes, tambores, músicas variopintas...) ao fin de impresionalos.
Por outra a afirmación do grupo vai contra o individualismo e a privacidade. Sempre hai individuos dentro da comunidade que ofrecen resistencias á celebración comunitaria ou á integración dentro das celebracións." [27]

A sensación de comunidade evidenciase á perfección na celebración da Festa do Ramo. Dito evento consiste nunha puxa por un ramo de flores, que alberga ao santo da parroquia. O gañador da puxa é o encargado de organizar a función, nome que tamén recibe dita festa, que consiste nun extenso banquete ao que se convidan familiares e amigos e que dura toda a xornada. Comeza cunha alborada a cargo dun grupo de gaiteiros, combinado cunha recepción de pinchos. Tras isto procedese a acompañar o ramo a ritmo de pasarrúas cara a Igrexa. A tradición culmínase coa procesión do ramo e a entrega do mesmo ao funcionista do ano seguinte, os cales serán acompañados polos gaiteiros ata o seu fogar. Unha vez realizado este paso comezase o xantar, o cal se prolongará ata o final do día con música e bailes.

O antropólogo Xosé Manuel Gonzalez Reboredo na súa aportación ao libro *A Parroquia en Galicia*: pasado, presente e futuro fainos unha partición por fases de como é a xornada festiva, perfectamente aplicable á do ramo:

- **Fase A:** Ruptura co tempo ordinario: bombas, alborada, etc.
- **Fase B:** Mantemento da situación da festa durante o tempo.
- **Fase C:** Reintegración na vida ordinaria.

87. Chus Regueiro, *Xabaril con fabas,* 2016, O Carballal, Guitiriz.

27 (Fra, B. (2007). As novas festas laicas en Galicia. Ferrolanálisis, 22, p. 99-102)

"A festa pode ser considerada un feito social total, pois nela se manifestan todos os aspectos que conforman a comunidade."[28]

O realmente interesante de todos estes eventos é o grao de relación que existe ao longo do día. A sensación de comunidade antes comentada. E iso está moi por enriba dos espazos nos que se celebran.

Moitas destes festexos son celebrados en comedores amplos, algo moi característico das casas do período rupturista. Unha estancia de grandes dimensións, con carácter de comedor, pero que apenas se utiliza dúas ou tres veces ao longo do ano, coincidindo con festexos como o nadal, o entroido ou a festa patronal. Non obstante, aínda que este tipo de dependencia abunde na vivenda rupturista, tanto a arcaica como a involucionista tamén poden contar con estes espazos, mesmo poden existir construcións específicas para a realización de eventos.
Outros fogares, ao non contar con estas dependencias tiran de imaxinario para atopar unha forma onde albergar a un número elevado de persoas baixo cuberto. Deste xeito aparecen celebracións realizadas en garaxes de vivendas, en baixos, ou mesmo en palleiros, onde o que prevalece é a capacidade de xuntarse todos a celebrar algo, sexa un ramo, unha comuñón, unha voda, un aniversario, ou mesmo unha xantar entre amigos, por enriba de se a estancia na que realiza é fea ou bonita. A comunidade por enriba da beleza.

Actos como este mostran a capacidade de cambio que pode ter unha vivenda nun determinado momento do ano, aínda que despois volva á súa condición habitual.

"Un estandarte, unha carroza, un paso de semana santa ou una escenario para unha orquestra... están na nosa memoria con facilidade. Esta mobilidade parece perseguir a expansión de ese ambiente extraordinario na maior dimensión posible, xa que é difícil conseguir que unha festa sexa algo estático e tamén consigue que poda aparecer e desaparecer con facilidade, que non haxa continuidade na súa presencia.
Pero quizais o aspecto da festa que máis me interesa é o que permite converter unha situación pouco pracenteiras nun acto alegre e compartido."[29]

88. L. Miguel Veiras, *O Ramo,* 2012, A Armada, Marzoa, Oroso.

89. Arquivo persoal, *Xantar anual II,* 2016, Santa Cruz de Montaos, Ordes.

28 (González Reboredo, 2009, p. 150)
29 (Quintáns, C. (2014). La fiesta es una actitud. Bartlebooth, 2, p. 9)

Ata este momento estivemos a falar sempre da festa nun ambiente familiar ou veciñal. Nunca se pretendeu chegar ao nivel de persoas acadadas, por exemplo, nunha verbena. Fálamos de espazos que para moitos non son dignos de estar erguidos polo súa compoñente material, discordante coa da arquitectura vernácula, e cuxo fin debería ser, á vista deles, a destrución. Non obstante, fronte a este sector pesimista da sociedade xorden outros cun visión moito máis positiva, de aproveitamento e uso común. Festivais como o de Cans, na parroquia de Cans, pertencente ao Concello do Porriño; ou o Pasabodeghas, realizado na parroquia de San Miguel de Sarandón, no concello de Vedra.

O primeiro festival, Cans, enmarcarse no eido do cine, e involucra durante os días do festival a toda á parroquia nel. Os baixos das vivendas arcaicas ou rupturistas adoptan a faceta de sala de cine. Os galpóns ou palleiros de súpeto trocan nun escenario para concertos ou espazos de debate. De novo o concepto de comunidade aflora e o que para moitos simplemente é un aparello pobre de bloques de formigón para outros pasa

90. Espazo activo da Ulla, *Pasabo*
Sarandón, Vedra.

94. Festival de Cans, *Cans,* 2016, Cans, O Porriño.

95. Festival de Cans, *Cans II,* 2016, Cans, O Porriño.

96. Festival de Cans, *Cans III,* 2016, Cans, O Porriño.

a converterse nun cuberto no que poder realizar unha actividade.
O segundo festival, Pasabodeghas, segue a mesma pauta que o primeiro pero a súa festa ten un fin gastronómico, o viño. Trátase dunha ruta polas diferentes bodegas de Sarandón, onde cada unha delas está animada por un grupo de música tradicional. De novo a parroquia involucrase na realización do evento, a comunidade prevalece sobre a estética, existe confort no ambiente.

deghas, 2016, San Miguel de

91. Espazo activo da Ulla, *Pasabodeghas II,* 2016, San Miguel de Sarandón, Vedra.



92. Espazo activo da Ulla, *Pasabodeghas III,* 2013, San Miguel de Sarandón, Vedra.

93. Espazo activo da Ulla, *Pasabodeghas IV,* 2016, San Miguel de Sarandón, Vedra.

97. Festival de Cans, *Cans IV,* 2016, Cans, O Porriño.

98. A. C. Brisas do Quenllo. *Preparando a Ruada*, 2015, Cabaleiros, Tordoia.

4.1

VARIACIÓNS DO ESPAZO NA CELEBRACIÓN

Casa de Dorinda e Antonio.

Darefe

Ordes



Día da festa



Día cotiá



Neste caso de estudo o espazo interior do garaxe torna completamente de imaxe o día da festa. Os vehículos sitúanse no exterior deixando no seu lugar un espazo amplo onde poder situar un número suficiente de mesas contiguas para albergar a familiares e amigos e poder, deste xeito, desenvolver a celebración de xeito cómodo.

A proximidade entre vivenda, segunda cociña e garaxe permite unha fácil organización do evento.

99. Marcial Calviño, *Situación cotiá,* 2017.

100. Arquivo persoal, *Voda,* 2016.

101. Arquivo persoal, *A matanza,* 2010.

102. Arquivo persoal, *Cambio de espazo,* 2016.

Casa de María Preciosa e Lisardo.

A Armada. Marzoa

Oroso





Esta vivenda amosa un espazo de carácter multifuncional. Espazo que a maior parte do ano serve na súa de función de garaxe, xunto coa de almacenaxe de apeiros, roupa de traballo e colleitas. O día da festa, os vehículos sitúanse no exterior, deixando un espazo amplo no que situar cabaletes e taboleiros a modo de mesa. A súa proximidade á cociña da vivenda sirve de comodidade para o transporte da comida.

Malia que as festas soen ser celebradas neste lugar, a vivenda ofrece outras posibilidades, como a situación dos mesmos taboleiros baixo a parra, ou ben, baixo o soportal de entrada.

103. L.Miguel Veiras, *Situación Cotiá,* 2016.

104. Diego Veiras, *Día da festa,* 2016.

105. L.Miguel Veiras, *Celebración no soportal,* 2016.

106. L.Miguel Veiras, *Celebración baixo a parra,* 2012.

Casa de Caxide da Pedreira.

A Pedreira. Leira

Ordes



Día da festa

Día cotiá

A amplitude dos pendellos, algo necesario no modo de vida desta familia, fai posible que o día da celebración da festa do patrón o espazo ocupado polo tractor torne nunha serie de mesas, coas súas respectivas cadeiras, pratos e cubertos. A maiores, subdivídese o espazo por franxa horaria, tendo a mesa dos pinchos e do vermú, para unha hora próxima ás doce da mañá; e a mesa principal concibida para a comensalidade ritual e a longa sobremesa deste tipo de días.

107. Sergio García, *Recibimento dos gaiteiros,* 2016.

108. Sergio García, *Pinchos,* 2016.

109. Sergio García, *A mesa do xantar,* 2016.

110. Ricardo Vieites. *Festa do Carmen*, 1987, A Pedreira, Leira, Ordes.

5

CONCLUSIÓNS

A vivenda – a máis íntima das arquitecturas – acusará severamente a transformación. A vella casa esfarélase e no seu lugar aparecen por milleiros outras. Deseñadas e construídas polo pobo. Financiadas en francos, marcos, floríns, pesos ou bolívares.
Rechamantes e deslocalizadas.
Moitas delas permanecerán tempo a medio facer. Outras vivirán desocupadas.
Hai quen ve nisto fealdade.
Nos vemos aquí a expresión da vitalidade dun pobo desasistido. [30]

30 (Lizancos, 2005, p.33)

Esta cita do arquitecto Plácido Lizancos, recollida na súa intervención no libro *25 casas de Galicia* coido que mostra integramente a intención desta pequena investigación. Unha investigación que xurdía como experiencia directa ao longo deste últimos anos. Falamos da relación da vivenda actual coa festa. De como espazos que a simple vista se ven infrautilizados, en momentos determinados do ano cobran máis vida que a propia residencia, e que polo tanto son necesarios para o correcto funcionamento do fogar.

Pártese dun primeiro estudo da vivenda, onde se analizan os síntomas destes novos tipos de vivenda, chegándose as conclusións de que os motivos principais de cambio son os retornos migratorios, a desruralización, e por conseguinte, os cambios nos modos de vida das persoas do rural. Unha sociedade cada vez máis urbanizada, cuxo sustento económico xa non só depende das terras ou dos animais. Persoas que traballan no sector secundario ou terciario pero que, pese a isto, non son quen de abandonar completamente a súas raíces.
Con isto comezamos a ver os cambios: adaptación da vivenda vernácula ao tempos actuais, aparición de novos elementos na vivenda, tales como electrodomésticos, coches e tractores e, novas construcións adxacentes á vivenda con novos materiais para solucionar problemas de almacenamento e resgardo.
De aquí podemos extraer como conclusión que a vivenda é unha entidade que cambia, non é algo fixo e inmutable. Novos tempos levan implícitos novas necesidades.

Estes cambios fanse visibles, creando unha corrente de opinión que enlaza, pola súa repercusión co tema, tan en boca, do Feísmo. A autoconstrucción da vivenda e o uso de novos materiais industriais resulta realmente útil para algúns e realmente contaminante para moitos outros. Recórdase que neste traballo analízase o Feísmo dende unha escala máis humana, a escala de parcela, sen entrar en malos planeamentos urbanísticos ou en desafortunadas intervencións no patrimonio. Polo tanto, costa ver que a sociedade urbana aposte de cara ao deseño de interiores de locais comerciais por espazos inacabados, con materias industriais vistos, cun aparente estado de deconstrución, mentres que no rural é tan criticado. O que en Xapón é unha corrente estética denominada Wabi-Sabi – a beleza da imperfección – aquí recibe o nome Feísmo, dependendo en que punto da xeografía galega estes situado: cidade ou campo.

111,112,113. Marita Ron, *Wabi Sabi,* 2015

Existe unha clara preocupación pola contaminación da paisaxe, achacada moitas veces aos materiais industriais, deixando de lado problemas como as urbanizacións baleiras, as hectáreas e hectáreas de eucalipto, etc. As solucións que se mostran como correctas para a solución disto é a volta ao uso de materiais vernáculos como tella, lousa, pedra e madeira.
De aquí pódese extraer como conclusión que quizais o máis correcto é avanzar no tempo e mostrar ao pobo formas correctas de uso destes materiais, xa que existe máis de un exemplo na contorna galega que cumpre os requisitos e que recibiu algún que outro premio como exemplo de integración na paisaxe.

> ***Mudam-se os tempos, mudam-se as vontades,***
> ***Muda-se o ser, muda-se a confiança:***
> ***Todo o mundo é composto de mudança,***
> ***Tomando sempre novas qualidades.*** [31]

A divulgación debe prevalecer sobre a obrigación. Aínda que se multe a cada un dos veciños que non tinga a súa casa da cor dunha lista preestablecida non se vai a conseguir un aspecto comunidade mellor. Hai que comprender que a vivenda é un proceso continuo, non ocorre nun prazo concreto, sempre estará mutando.

Así, a investigación xira en torno a estes espazos, a veces criticados, pero que mostran unha gran vitalidade. Espazos de grandes dimensións que durante a meirande parte do ano serven de almacenaxe de apeiros, de tendais de roupa improvisados, de garaxe para o tractor e demais maquinaria agrícola, mesmo de garaxe para o coche, pero que en épocas determinadas do ano tornan a súa función en espazo de reunión e festexo. Un espazo funcional, en moitos casos cunha cociña próxima el – a duplicidade de elementos existentes da vivenda contemporánea rural – que serve de apoio para o bo funcionamento da comensalidade ritual.

Resulta de interese observar publicacións onde se recollen exemplos de boas arquitecturas realizadas no rural galego, concretamente no eido da vivenda. Ao observar estas residencias, cun claro linguaxe contemporáneo e comparala coas que estamos a estudar – que son a maioría en Galicia – chégase á conclusión de que a maior parte da arquitectura contemporánea que se fai no rural non se corresponde coa maioría da arquitectura existente nel. Espazos como os que se describen, espazos de reserva, espazos amplos, non son mostrados nestas novas arquitecturas. Parece que a arquitectura culta aínda non está completamente en contacto coa maioría das persoas, quizais non comprendendo correctamente as necesidades principais da xente do rural. Posto que moitas das vivendas mostradas van dirixidas a pintores, escritores, escultores, profesores, etc., xente do mundo da cultura e sen relación aparente coas actividades rurais. E salvo moi poucas excepcións, este segue a ser o perfil dos usuarios das arquitecturas recentes nas que se implican os arquitectos. Existe un alonxamento mútuo entre os arquitectos e outros perfís que, tal e como avanza este traballo, ten que ver con problemas de entendemento sobre as necesidades.
Aínda que a sociedade vai cambiando, e cada vez son menos os que dedican a súa vida á gandería ou á agricultura, sempre hai xente que mantén a relación directa co medio, ben sexa cunha pequena horta ou con un pequeno galiñeiro. Esta xente é, en moitos casos, quen inventa novos espazos, resolvendo novas necesidades, reafirmando as súas casas como lugares no que se poder reunir e desfrutar dun día festivo.

31 (Camões, 1994, p. 289)

Por iso, como conclusión final extráese que o arquitecto debe proxectar con sentido común, acorde a unhas leis estéticas que agraden ao usuario, pero tamén debe comprender os modos de vida dos mesmos.

Este traballo pretende despertar esa imprescindible labor dos arquitectos de atender ao necesario e de manter viva a arquitectura, sen desprezar outras pola súa mera condición material ou de imaxe. En certo modo, investigar mellor o cotiá, aprender, pois como ben se comentou ao comezo do traballo, a arquitectura ten valor cando se celebra.

114. Arquivo persoal, *Churrascada,* 2016. Santa Cruz de Montaos, Ordes.

REFERENCIA DE IMAXES

1. Arquivo persoal. (2017).*O día da festa, I* [Collage].

2. Arquivo persoal. (2017). *O día da festa, II* [Collage]

3. Carril, C. (2012) *Festa de despedida.* Oar, Frades. [Fotografía].

4. Arquivo persoal. (2004). *Xantar en Senra.* Senra, Oroso. [Fotografía].

5. Arquivo persoal. (2017). *Vivenda unifamiliar.* Oar, Frades. [Fotografía].

6. Henningsen, G. (1965-1968). *Casa típica de labregos*. Rodas, Ardemil, Ordes. [Fotografía]. Recuperado de: Henningsen, G. (2015). *Galicia máxica: reportaxe dun mundo desaparecido: Gustav Henningsen, fotografías etnográficas 1965-1968* (1st ed.). Santiago de Compostela: Museo de Pobo Galego.

7. Llano de, P. (s.f.). *Casa Terrea.* [Fotografía]. Recuperado de: Llano, P. & Vázquez, J. (1983). *Arquitectura popular en Galicia* (1st ed.). Santiago de Compostela: COAG.

8. Llano de, P. (s.f.). *Casa do pincho.* [Fotografía]. Recuperado de: Llano, P. & Vázquez, J. (1983). *Arquitectura popular en Galicia* (1st ed.). Santiago de Compostela: COAG.9. *Casa con Patín*

10. Llano de, P. (s.f.). *Casa entre medianeiras.* [Fotografía]. Recuperado de: Llano, P. & Vázquez, J. (1983). *Arquitectura popular en Galicia* (1st ed.). Santiago de Compostela: COAG.

11. Llano de, P. (s.f.). *Casa con soportais.* [Fotografía]. Recuperado de: Llano, P. & Vázquez, J. (1983). *Arquitectura popular en Galicia* (1st ed.). Santiago de Compostela: COAG.

12. Llano de, P. (s.f.). *Casa das agras coruñesas.* [Fotografía]. Recuperado de: Llano, P. & Vázquez, J. (1983). *Arquitectura popular en Galicia* (1st ed.). Santiago de Compostela: COAG.

13. Llano de, P. (s.f.). *Casa con corredor.* [Fotografía]. Recuperado de: Llano, P. & Vázquez, J. (1983). *Arquitectura popular en Galicia* (1st ed.). Santiago de Compostela: COAG.

14. Llano de, P. (s.f.). *Casa das grandes chairas e depresións lucenses.* [Fotografía]. Recuperado de: Llano, P. & Vázquez, J. (1983). *Arquitectura popular en Galicia* (1st ed.). Santiago de Compostela: COAG.

15. Llano de, P. (s.f.). *Casa dos vales e depresións do norte de Ourense.* [Fotografía]. Recuperado de: Llano, P. & Vázquez, J. (1983). *Arquitectura popular en Galicia* (1st ed.). Santiago de Compostela: COAG.

16. Llano de, P. (s.f.). *Casa labrega nas concas do Miño e do Sil.* [Fotografía]. Recuperado de: Llano, P. & Vázquez, J. (1983). *Arquitectura popular en Galicia* (1st ed.). Santiago de Compostela: COAG.

17. Llano de, P. (s.f.). *Arquitectura do Colmo.* [Fotografía]. Recuperado de: Llano, P. & Vázquez, J. (1983). *Arquitectura popular en Galicia* (1st ed.). Santiago de Compostela: COAG.

18. Llano de, P. (s.f.). *Arquitectura do Xisto.* [Fotografía]. Recuperado de: Llano, P. & Vázquez, J. (1983). *Arquitectura popular en Galicia* (1st ed.). Santiago de Compostela: COAG.

19. Llano de, P. & Vázquez, J. *(s.f.). Casa Terrea.* [Plano]. Recuperado de: Llano, P. & V*ázquez, J. (1983). Arquitectura popular en Galicia (1st ed.). Santiago de Compostela: COAG.20 / Casa con patín.*

21. Llano de, P. & Vázquez, J. (s.f.). *Casa con soportais.* [Plano]. Recuperado de: Llano, P. & Vázquez, J. (1983). *Arquitectura popular en Galicia* (1st ed.). Santiago de Compostela: COAG.

22. Llano de, P. & Vázquez, J. (s.f.). *Casa entre medianeiras.* [Plano]. Recuperado de: Llano, P. & Vázquez, J. (1983). *Arquitectura popular en Galicia* (1st ed.). Santiago de Compostela: COAG.

23. Llano de, P. & Vázquez, J. (s.f.). *Casa labrega nos vales do Ulla e do Umia.* [Plano]. Recuperado de: Llano, P. & Vázquez, J. (1983). *Arquitectura popular en Galicia* (1st ed.). Santiago de Compostela: COAG.

24. Llano de, P. & Vázquez, J. (s.f.). *Casa con corredor.* [Plano]. Recuperado de: Llano, P. & Vázquez, J. (1983). *Arquitectura popular en Galicia* (1st ed.). Santiago de Compostela: COAG.

25. Llano de, P. & Vázquez, J. (s.f.). *Casa do pincho.* [Plano]. Recuperado de: Llano, P. & Vázquez, J. (1983). *Arquitectura popular en Galicia* (1st ed.). Santiago de Compostela: COAG.

26. Llano de, P. & Vázquez, J. (s.f.). *Casa labrega nas concas do Miño e do Sil.* [Plano]. Recuperado de: Llano, P. & Vázquez, J. (1983). *Arquitectura popular en Galicia* (1st ed.). Santiago de Compostela: COAG.

27. Llano de, P. & Vázquez, J. (s.f.). *Arquitectura dos vales e depresións do norte de Ourense.* [Plano]. Recuperado de: Llano, P. & Vázquez, J. (1983). *Arquitectura popular en Galicia* (1st ed.). Santiago de Compostela: COAG.28. Arquitectura das agras coruñesas

29. Llano de, P. & Vázquez, J. (s.f.). *Arquitectura das grandes chairas e depresións lucenses.* [Plano]. Recuperado de: Llano, P. & Vázquez, J. (1983). *Arquitectura popular en Galicia* (1st ed.). Santiago de Compostela: COAG.30. Arquitectura do colmo.

31. Llano de, P. & Vázquez, J. (s.f.). *Arquitectura do xisto.* [Plano]. Recuperado de: Llano, P. & Vázquez, J. (1983). *Arquitectura popular en Galicia* (1st ed.). Santiago de Compostela: COAG.32. Arquitectura da tella.

33. Arquivo persoal. (2016). *Casa no Mesón do Vento*. A Brea, Mesón do Vento, Ordes [Fotografía]

34. Ferrol, M. (1957). *Despedida de emigrantes,* porto de A Coruña. [Fotografía]. Recuperado de: http://www.vivirgaliciaturismo.com/america-o-el-shangai-un-homenaje-a-los-emigrantes-gallegos/

35. Asociación PuntoGal. (2017). *Centros galegos espallados polo mundo.* [Mapa]. Recuperado de: http://www.puntogal.org/xeral.php?txt=arbore_web14&lg=cas

36. Restaurante Chaussy II. (2013).*Vivenda e restaurante Chaussy II.*Moscoso de Abaixo, Mesón do Vento, Ordes. [Fotografía]. Recuperado de: https://www.facebook.com/chaussy2/photos/a.170752426449708.1073741827.170748769783407/179466658911618/?type=1&theater

37. Martínez, A. (2017). *Casa arcaica.* Pereira, Buscás, Ordes. [Fotografía]

38. Vázquez, M. (2017). *Casa rupturista.* A Sobreira, Santa Cruz de Montaos, Ordes. [Fotografía]

39. Mirás, I. (2017) *Casa involucionista.* O Paraíso, Ordes. [Fotografía]

40. Colectivo 1AUN (2014-2016) *Modos de vida.* [Diagrama] Recuperado de: Colectivo 1AUN. (2014-2016). *Habitar el campo en Galicia. Relación entre modos de vida y soporte territorial*.

41. Arquivo persoal. (2017). *Casa en construcción*. O Canedo, Mesón. [Fotografía]

42. Moreira, J. (1910-1950). *Rematando a casa.* [Fotografía]. Recuperado de: Moreira, J. (2005). *José Moreira. Fotografías [1910–1950]* (1st ed.). Pontevedra: Museo de Pontevedra.

43. Llano de, P. (s.f.). *Palleiro na comarca do Xallas.* [Fotografía]. Recuperado de: Llano, P. & Vázquez, J. (1983). *Arquitectura popular en Galicia* (1st ed.). Santiago de Compostela: COAG.

44. Arquivo persoal. (2017). *Palleiro contemporáneo.* Merelle, Ordes. [Fotografía]

45. Arquivo persoal. (2016). *Arrimo*. Senra, Poulo, Ordes. [Fotografía]

46. Arquivo persoal. (2016). *Pendello*. A Pedreira, Leira, Ordes. [Fotografía]

47. Arquivo persoal. (2017). *Arrimo II.* Oar, Frades. [Fotografía]

48. Arquivo persoal. (2016). *Arrimo III.* Cestaños, Parada, Ordes. [Fotografía]

49. Arquivo persoal. (2017). *Camiño de Santiago I.* Senra, Poulo, Ordes. [Fotografía]

50. Arquivo persoal. (2017). *Camiño de Santiago II.* Poulo, Ordes. [Fotografía]

51. Luis Davila. (2014). [Ilustración]. Recuperado de: Dávila, L. (2015). *O bichero* (1st ed.). [Bueu, Pontevedra]: L. Dávila.

52. Luis Davila. (2017). [Ilustración]. Recuperado de: https://www.facebook.com/100389283382102/photos/a.178070918947271.48179.100389283382102/1292309217523430/?type=3&theater

53. Páramo Pictures. (2016). *Vente empacar.* [Fotograma]. Recuperado de: https://www.youtube.com/watch?v=Q_I4vYngUEg

54. Páramo Pictures. (2013). *Ferti món.* [Fotograma]. Recuperado de: https://www.youtube.com/watch?v=KDS0pUYezQo

55. Páramo Pictures. (2014). *A bertolina.* [Fotograma]. Recuperado de: https://www.youtube.com/watch?v=iKgRi2xZT94

56-57. Lobato, X. (2004). *Vivenda en Padriñan.* Padriñan, Sanxenxo. [Fotografía]. Recuperado de: https://galiciacoolmagazine.com/2012/02/02/vivienda-unifamiliar-en-sanxenxo-pontevedra-por-irisarripinera/

58-59. Santos Díez, H. (2014). *Casa Escribenta.* Arderís, Oroso. [Fotografía]. Recuperado de: http://afasiaarchzine.com/2014/07/rodriguez-blanco-arquitectos-2/

60-61. Santos Díez, H. (2013). *Casa en Tebra.* Tebra, Tomiño. [Fotografía]. Recuperado de: http://hicarquitectura.com/2014/02/irisarri-pinera-vivienda-en-tebra/

62. Bocixa, X.A. (2015). *Entroido choqueiro*. Cerceda. [Fotografía]. Recuperado de: https://www.facebook.com/photo.php?fbid=779769742115230&set=t.100002049804145&type=3&theater

63. Colmeira, M. (1975). *A sega da herba.* Óleo sobre lenzo. 96,5x130 cm. Colección de Arte Afundación [Pintura] Recuperado de: Colmeiro, M. (2014). *Manuel Colmeiro, 1901-1999* (1st ed.). A Coruña: Xunta de Galicia.

64. Colmeira, M. (1930). *A sega.* Óleo sobre lenzo. 80x100 cm. Colección de Arte Afundación [Pintura] Recuperado de: Colmeiro, M. (2014). *Manuel Colmeiro, 1901-1999* (1st ed.). A Coruña: Xunta de Galicia.

65. Henningsen, G. (1965). *A Matanza I. Nunha rúa do propio Ordes queimase o pelo do porco.*. Ordes. [Fotografía]. Recuperado de: Henningsen, G. (2015). *Galicia máxica: reportaxe dun mundo desaparecido: Gustav Henningsen, fotografías etnográficas 1965-1968* (1st ed.). Santiago de Compostela: Museo de Pobo Galego.

66. Henningsen, G. (1965). *A Matanza II. Ábrese o porco.*. Ordes. [Fotografía]. Recuperado de: Henningsen, G. (2015). *Galicia máxica: reportaxe dun mundo desaparecido: Gustav Henningsen, fotografías etnográficas 1965-1968* (1st ed.). Santiago de Compostela: Museo de Pobo Galego.

67. Henningsen, G. (1965). *A Matanza III. Comendo os roxóns*. Ordes. [Fotografía]. Recuperado de: Henningsen, G. (2015). *Galicia máxica: reportaxe dun mundo desaparecido: Gustav Henningsen, fotografías etnográficas 1965-1968* (1st ed.). Santiago de Compostela: Museo de Pobo Galego.

68. Moreira, J. (1910-1950). *Celebración familiar.* [Fotografía]. Recuperado de: Moreira, J. (2005). *José Moreira. Fotografías [1910-1950]* (1st ed.). Pontevedra: Museo de Pontevedra.

69. Henningsen, G. (1965). *Regueifa*. Poulo, Ordes. [Fotografía]. Recuperado de: Henningsen, G. (2015). *Galicia máxica: reportaxe dun mundo desaparecido: Gustav Henningsen, fotografías etnográficas 1965-1968* (1st ed.). Santiago de Compostela: Museo de Pobo Galego.

70. Henningsen, G. (1965). *Baile da mocidade nunha casa*. Poulo, Ordes. [Fotografía]. Recuperado de: Henningsen, G. (2015). *Galicia máxica: reportaxe dun mundo desaparecido: Gustav Henningsen, fotografías etnográficas 1965-1968* (1st ed.). Santiago de Compostela: Museo de Pobo Galego.

71. Anderson, R. M. (Decembro de 1924 ou Xaneiro de 1925). *Bailando a muiñeira.* A Rúa, Ourense. [Fotografía]. Recuperado de: Anderson, R. (2009). *Unha mirada de antano* (1st ed.). [Santiago de Compostela]: Fundación Caixa Galicia.

72. Moreira, J. (1910-1950). *Banquete de voda.* [Fotografía]. Recuperado de: Moreira, J. (2005). *José Moreira. Fotografías [1910-1950]* (1st ed.). Pontevedra: Museo de Pontevedra.

73. Moreira, J. (1910-1950). *Celebración da primeira comuñón.* [Fotografía]. Recuperado de: Moreira, J. (2005). *José Moreira. Fotografías [1910-1950]* (1st ed.). Pontevedra: Museo de Pontevedra.

74. Vieites, R. (1987). *Comuñón.* A Pedreira, Leira, Ordes. [Fotografía]

75. Arquivo persoal. (2016). *24 de Poulo.* Senra, Poulo, Ordes. [Fotografía]

76. A.C. Brisas do Quenllo. (2012) *Romaría da Pontragha.* Numide, Tordoia. [Fotografía]

77. Arquivo persoal. (1996). *Aniversario.* Ordes. [Fotografía]

78 Arquivo persoal. (2016). *Voda nun invernadoiro.* A Lousa, As Encrobas, Cerceda. [Fotografía]

79. Arquivo persoal. (2016). *Ramo en Leira.* A Beilía, Leira, Ordes. [Fotografía]

80. A.C. Brisas do Quenllo. (2014). *Maghosto.* Numide, Tordoia. [Fotografía]

81. Arquivo persoal. (2003). *Aniversario na maquía.* Santa Cruz de Montaos, Ordes. [Fotografía]

82. Ana Figueira. (2014). *Festa familiar.* Cercedo, Pereira, Ordes. [Fotografía]

83. A.C. Brisas do Quenllo. (2015). *Ruada de Cabaleiros.* Cabaleiros, Tordoia. [Fotografía]

84. Jessica Uzal. (2014). *Fin de ano.* A Cruz, Ardemil, Ordes. [Fotografía]

85. Arquivo persoal. (2016). *Fin de ano.* Ordes. [Fotografía]

86. Arquivo persoal. (2016). *Xantar anual.* Pereira, Buscás, Ordes. [Fotografía]

87. Chus Regueiro. (2016). *Xabaril con fabas,.* O Carballal, Guitiriz. [Fotografía]

88. L. Miguel Veiras. (2012). *O Ramo.* A Armada, Marzoa, Oroso. [Fotografía]

89. Arquivo persoal. (2016). *Xantar anual II.* Santa Cruz de Montaos, Ordes. [Fotografía]

90. Espazo activo da Ulla. (2016). *Pasabodeghas.* San Miguel de Sarandón, Vedra. [Fotografía] Recuperado de: https://www.facebook.com/espazoactivodaulla/?fref=ts

91. Espazo activo da Ulla. (2016). *Pasabodeghas II.* San Miguel de Sarandón, Vedra. [Fotografía] Recuperado de: https://www.facebook.com/espazoactivodaulla/?fref=ts

92. Espazo activo da Ulla. (2013). *Pasabodeghas III.* San Miguel de Sarandón, Vedra. [Fotografía] Recuperado de: https://www.facebook.com/espazoactivodaulla/?fref=ts

93. Espazo activo da Ulla. (2016). *Pasabodeghas IV.* San Miguel de Sarandón, Vedra. [Fotografía] Recuperado de: https://www.facebook.com/espazoactivodaulla/?fref=ts

94. Festival de Cans. (2016). *Cans.* Cans, O Porriño. [Fotografía] Recuperado de: https://www.facebook.com/festivaldecans/?fref=ts

95. Festival de Cans. (2016). *Cans II.* Cans, O Porriño. [Fotografía] Recuperado de: https://www.facebook.com/festivaldecans/?fref=ts

96. Festival de Cans. (2016). *Cans III.* Cans, O Porriño. [Fotografía] Recuperado de: https://www.facebook.com/festivaldecans/?fref=ts

97. Festival de Cans. (2016). *Cans IV.* Cans, O Porriño. [Fotografía] Recuperado de: https://www.facebook.com/festivaldecans/?fref=ts

98. A. C. Brisas do Quenllo. *Preparando a Ruada*, 2015, Cabaleiros, Tordoia. [Fotografía]

99. Marcial Calviño. (2017). *Situación cotiá.* Darefe, Ordes. [Fotografía]

100. Arquivo persoal. (2016). *Voda.* Darefe, Ordes. [Fotografía]

101. Arquivo persoal. (2010). *A matanza.* Darefe, Ordes. [Fotografía]

102. Arquivo persoal. (2016). *Cambio de espazo.* Darefe, Ordes. [Fotografía]

103. L.Miguel Veiras. (2016). *Situación Cotiá.* A Armada, Marzoa, Oroso. [Fotografía]

104. Diego Veiras. (2016). *Día da festa.* A Armada, Marzoa, Oroso. [Fotografía]

105. L.Miguel Veiras. (2016). *Celebración no soportal.* A Armada, Marzoa, Oroso. [Fotografía]

106. L.Miguel Veiras. (2016). *Celebración baixo a parra.* A Armada, Marzoa, Oroso [Fotografía]

107. Sergio García. (2016) *Recibimento dos gaiteiros.* A Pedreira, Leira, Ordes. [Fotografía]

108. Sergio García. (2016). *Pinchos.* A Pedreira, Leira, Ordes. [Fotografía]

109. Sergio García. (2016). *A mesa do xantar.* A Pedreira, Leira, Ordes. [Fotografía]

110. Ricardo Vieites. (1987) *Festa do Carmen*. A Pedreira, Leira, Ordes. [Fotografía]

111-113. Marita Ron. (2015). *Wabi Sabi.* A Coruña. [Fotografía] Recuperado de: https://www.facebook.com/MaritaRon/?fref=ts

114. Arquivo persoal. (2016). *Churrascada.* Santa Cruz de Montaos, Ordes. [Fotografía]

BIBLIOGRAFÍA

Libros:

Arquitectos e Urbanistas:

Brown, D. (2007). *Aprendiendo del pop* (1st ed.). Barcelona: Gustavo Gili.

Caamaño Suárez, M. (1999). *A casa popular* (1st ed.). [Santiago de Compostela]: Museo do Pobo Galego.

Caamaño Suárez, M. (1999). *As construcións adxetivas* (1st ed.). [Santiago de Compostela]: Museo do Pobo Galego.

Creus, J. & Gallego Picard, P. (1998). *A terra das mil belezas* (1st ed.). Santiago de Compostela: COAG.

Eames, C. (2007). *Qué es una casa? ; Qué es el diseño?* (1st ed.). Barcelona: Editorial Gustavo Gili.

Ergosfera. (2015). *Chalés sobre espacios productivos. Una nueva tipología arquitectónica en el territorio gallego* . Giráldez López, A., Ibañez Ferrera, P., & Hermida Castro, B. (ed). (2015). *Bartlebooth. Las Virtudes* (1st ed., pp. 89-105). Lugo : Bartlebooth

Gallego Picard, P. (1998). *A aldea terremota* (2nd ed.). A Coruña: COAG.

Gallego, M. (2007). *Anotaciones al margen* (1st ed.). Barcelona: Editorial Gustavo Gili.

García Fernández, A. (2005). *25 casas de Galicia* (1st ed.). A Coruña: Edicions Espontáneas.

Giráldez López, A., Ibañez Ferrera, P., & Hermida Castro, B. (ed). (2016). *Bartlebooth. La producción: cuatro estrategias menores* (1st ed.). A Coruña: Bartlebooth.

Lizancos Mora, P. (2005). *A Casa contemporánea en Galicia* (1st ed.). Vigo: A Nosa Terra.

Llano Cabado, P. (1981). *Arquitectura popular en Galicia* (1st ed.). Santiago de Compostela: COAG.

Llano, P. & Vázquez, J. (1983). *Arquitectura popular en Galicia* (1st ed.). Santiago de Compostela: COAG.

Monteys, X. (2000). *La habitación* (1st ed.). Editorial Gustavo Gili.

Monteys, X., Fuertes, P. (2015). *Casa collage* (2st ed.). Barcelona: Gustavo Gili.

Venturi, R. (1974). *Complejidad y contradicción en la arquitectura* (2nd ed.). Barcelona: Gustavo Gili.

Venturi, R., Izenour, S., & Brown, D. (1978). *Aprendiendo de las Vegas* (1st ed.). Barcelona: Gustavo Gili.

VV.AA.,. (2006). *Feismo? Destruir un país.* (1st ed.). Ourense: Difusora de Letras, Artes, e Ideas.

Walker, E. (ed). (2010). *Lo ordinario* (1st ed.). Barcelona: Gustavo Gili.

Escritores e Humanistas:

Camões, L. (1994). *Lírica completa, II* (2nd ed., p. 289). Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.

Campos Calvo-Sotelo, J. (2007). *Fiesta, identidad y contracultura* (1st ed., pp. 114-132). Pontevedra: Diputación de Pontevedra.

Castelao, A. (2001). *Sempre en Galiza* (1st ed., pp. 185-186). A Coruña: La Voz de Galicia, S. A.t

Domingues, A. (2011). *Vida no campo* (1st ed.). Porto: Dafne Editora.

Fraguas Fraguas, A. (1996). *A festa popular en Galicia* (1st ed.). Sada, A Coruña: Edicios do Castro.

González Reboredo, X.M. (2009) *A parroquia en Galicia: unha ollada etnográfica dende as festas.* En F. García Pazos (ed). *A parroquia en Galicia: pasado, presente e futuro* (1st ed., pp. 147-166). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Heidegger, M., Soler, F., & Acevedos, J. (1997). *Filosofía, ciencia y técnica* (3rd ed., pp. 196-222). Santiago de Chile: Editorial Universitaria.

Lisón Tolosana, C. (1990). *Antropologia cultural de Galicia* (1st ed.). Madrid: Akal.

Villar Ponte, A. (1997). *A festa da malla* (1st ed.). Vigo: Xerais de Galicia.

Fotógrafos e Artistas:

Anderson, R. (2009). *Unha mirada de antano* (1st ed.). [Santiago de Compostela]: Fundación Caixa Galicia.

Colmeiro, M. (2014). *Manuel Colmeiro, 1901-1999* (1st ed.). A Coruña: Xunta de Galicia.

Dávila, L. (2015). *O bichero* (1st ed.). [Bueu, Pontevedra]: L. Dávila.

Guayabero, O., Úbeda, R., & Claret, C. (2016). *Conversación polifónica sobre diseño y otras cosas / Retrato imperfecto de Curro Claret* (1st ed.). Barcelona: Gustavo Gili.

Henningsen, G. (2015). *Galicia máxica: reportaxe dun mundo desaparecido: Gustav Henningsen, fotografías etnográficas 1965-1968* (1st ed.). Santiago de Compostela: Museo de Pobo Galego.

Ksado, L. (1992). *Ksado* (1st ed.). Vigo: Centro de Estudos Fotográficos.

Moreira, J. (2005). *José Moreira. Fotografías [1910-1950]* (1st ed.). Pontevedra: Museo de Pontevedra.

Revistas:

Atelier de Santos,. (2008). Casa Tractor. Obradoiro: Revista De Arquitectura Y Urbanismo, 33, pp. 120-123.

Domingues, Á. (2013). Paisagens Transgénicas. ZARCH: Journal Of Interdisciplinary Studies In Architecture And Urbanism, 1, pp. 15-35.

Estévez, X. (1978). Tres tipoloxías espaciais e arquitectónicas de vivenda unifamiliar de primeira residencia. Obradoiro: Revista De Arquitectura Y Urbanismo, 1, pp. 18-25.

Fra, B. (2007). As novas festas laicas en Galicia. Ferrolanálisis: Revista De Pensamiento Y Cultura, 22, pp. 99-102.

Gallego, M. (1978). O medio rural. Obradoiro: Revista De Arquitectura Y Urbanismo, 1, pp. 8-17.

Artículos Web:

Carro, I. (xuño de 2012). Territorios desprezados-pero-sen-prezo. Revista Derritaxes, nº9, pp. 42 – 63. A Coruña: Proxecto Derriba Edicións. Recuperado de: http://www.ergosfera.org/links/publicaciones.html [consultado o 10/06/2016]

Castro, C. (27 de outubro de 2014). ¿Chapuzas gallegas?. Revista Kardo. Santiago de Compostela: Observatorio Galego do Territorio. Recuperado de: http://www.observatoriogalegodoterritorio.org/chapuzas/ [consultado o 12/10/2016]

Ramil, P. e Ferreiro, J. (2015). Guía de campo para la interpretación del feísmo en el paisaje gallego. Lugo: Horreum. Recuperado de: http://docplayer.es/3715187-Guia-de-campo-para-la-interpretacion-del-feismo-en-el-paisaje-gallego.html [consultado o 20/10/2016]

Valverde, I. (12 de novembro de 2014). Feísmos I. Imbéciles e escuros. Revista Arquitectura de Galicia. Coruña: Asociación Arquitectura de Galicia. Recuperado de: http://arquitecturadegalicia.eu/revista/2014/11/feismos-imbeciles-e-escuros/ [consultado o 23/10/2016]

Valverde, I. (23 de decembro de 2014). Feísmos II. Non nos entenden, non. Revista Arquitectura de Galicia. Coruña: Asociación Arquitectura de Galicia. Recuperado de: http://arquitecturadegalicia.eu/revista/2014/12/feismos-ii-non-nos-entenden-non/ [consultado o 26/10/2016]

Conferencias:

Lizancos, P. (31 de agosto de2016). *A Casa como soporte construído do modo de vida.* En Habitar o campo en Galicia. Conferencia levada a cabo en Sarria, Lugo.

Colectivo 1AUN. (31 de agosto de2016). *Relación entre os modos de vida e soporte territorial.* En Habitar o campo en Galicia. Conferencia levada a cabo en Sarria, Lugo.

TRABALLO DE FIN DE GRAO

Escola Técnica Superior de Arquitectura
de A Coruña